


Táboas Input-Output pesca-conserva galegas 2019



TÁBOAS
INPUT-OUTPUT DA
PESCA-CONSERVA GALEGAS-2019

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia Consellería do Mar

Lugar: Santiago de Compostela Ano: 2022

Deseño da cuberta: Calros Silvar

Maquetación: GRAFINCO

Imprime: GRAFINCO

Dep. Legal: C 2081-2022

Cita recomendada:

Rodríguez Rodríguez, G.; García Negro, M. C.; Sánchez Llamas, E.; Martínez Cabrera, H.; Martínez Ballesteros, V. H. (2023). Táboas input-output da pesca-conserva galegas. 2019. Xunta de Galicia, Consellería do Mar.

AGRADECEMENTOS

Agade (Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos)

Sergio López e Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo (OPP-07)

Miguel Neira e Asociación de Armadores de Burela

Fran Varela e Confraría de Malpica

Luís Barrosa Vázquez, Administrador da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela

Natxo Castro e Confraría de Muxía

Juan Manuel Vieites e equipo técnico de Anfacó-Cecopesca (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas De Pescados e Mariscos)

Confraría de Barallobre

Amegrove

A todos os membros do sector pesqueiro galego e empresas que participaron desinteresadamente neste traballo.

Prólogo

O sector do mar é fundamental para a economía de Galicia e así o referendan unha vez máis as Táboas input-output pesca-conserva galegas -2019, que mostran que a influencia da actividade marítimo-pesqueira chega cada vez a máis ramas da economía galega. Se na anterior edición — de 2011— esa interacción chegaba a 64 das 81 existentes en Galicia, agora xa ten incidencia en 76 das 83 identificadas, co que máis de nove de cada dez actividades teñen que ver dalgunha maneira co eido do mar.

Esta análise técnica, rigorosa e detallada da importancia do sector marítimo-pesqueiro galego vén constatar o que dende a Consellería do Mar temos claro dende sempre: que a economía vencella da co noso litoral e coas vilas costeiras é vital para o conxunto de Galicia. Estamos a falar de actividades moi diversas —como a pesca, o marisqueo, os cultivos mariños, a transformación dos produtos do mar, a súa depuración...— e de numerosas infraestruturas costeiras —con máis de 120 portos autonómicos e cinco de titularidade estatal— que xeran unha produción agregada na comunidade de máis de 5.500 millóns de euros.

Novamente esa cifra mostra un crecemento importante do sector do mar respecto á edición de 2011, cando a produción era de 3.700 millóns de euros, cun incremento próximo ao 50%. Non obstante, sumando as importacións de produtos do mar, o complexo mar-industria galego puxo en 2019 á disposición do mercado produtos por valor de preto de 9.000 millóns de euros.

Estas Táboas input-output teñen un gran valor para que todos sexamos conscientes da importancia das distintas actividades que contribúen a achegar aos consumidores produtos saudables e da máxima calidade. Un factor que se revelou transcendental durante a pandemia da Covid-19, na que o sector do mar foi declarado esencial e exerceu en todo momento o seu papel de garante do abastecemento de produtos saudables á cidadanía, moitas veces malia que facelo non era rendible.

Ese foi un reto máis que o noso mar logrou superar e no que soubo adaptarse ás necesidades do mercado poñendo á disposición do consumidor unha oferta diversificada con produtos que van dende produtos frescos de alta gama ata mexillón, conxelados, refrixerados, conservas e transformados ou precociñados, entre outros.

Isto é tamén o que permitiu ao complexo mar-industria galego mellorar a súa capacidade de comercialización nun mercado tan global e converter esta fortaleza nunha das súas características principais. De feito, a pesca-conserva é a terceira maior partida do comercio exterior galego, pero cunha maior influencia no tecido produtivo pesqueiro —coa participación dun gran número de empresas— que as actividades que se sitúan por enriba e que dependen en boa medida de determinadas empresas multinacionais.

As Táboas input-output revelan ese notable crecemento da conserva e da industria de transformación de produtos do mar como consecuencia de que poden apostar pola innovación e mellorar a súa competitividade ao tempo que non se ven limitadas —como si lle acontece a outras— por circunstancias

derivadas do medio natural ou de topes regulamentarios ao crecemento, como os totais admisibles de capturas (TAC) e cotas na actividade extractiva.

Estes datos poñen enriba da mesa a importancia do sector do mar na economía de Galicia, significando preto do 5% do seu produto interior bruto (PIB) e convértense nunha ferramenta chave para que os xestores públicos os teñan en conta á hora de legislar. Esta cuestión é fundamental, pois as actividades mariñas son imprescindibles para a cornixa costeira galega converténdose nun factor máis de xustiza e dinamización territorial.

Ademais, estamos ante un sector que conta cunha cadea de valor completa -que cobre todos os elos, dende a extracción ata a transformación ou a comercialización- mentres que outras actividades se centran exclusivamente nunha desas fases da cadea, o que limita a súa incidencia no conxunto da economía.

Por iso, estas Táboas deben facer que valoremos aínda máis o importante que é o mar para Galicia ao achegar patrimonio, cultura, economía e marcar o carácter das nosas xentes. Tamén debe servirnos de estímulo para traballar arreo todos xuntos co obxectivo de que, no futuro, Galicia e os galegos sigamos sabendo a mar.

Rosa Quintana Carballo

Conselleira do Mar

Benchegados ao porto

Mariñeiros

A cabalo das ondas

Do mar onde a Galicia marxinada

Atoparía o seu mellor camiño

Valentín Paz Andrade

Sementeira do Vento, 1968

Como, dun mesmo mar

avalan e devalan as marés

tan descompasadamente?

Outras son as ribeiras

os tempos desparellos.

Pilar Pallarés

Leopardo Son, 2011

Aos naufragos e perdidos, por iren pescar.

Aos rescatadores, pola súa solidariedade.

Aos mariñeiros e mariñeiras, corpo vivo da pesca galega.

EQUIPO DE TRABALLO

DIRECCIÓN

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

María do Carme García Negro

EQUIPO DE ECONOMÍA PESQUEIRA (ECOPESCA)

María do Carme García Negro

Víctor Hugo Martínez Ballesteros

Helena Martínez Cabrera

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

Eduardo Sánchez Llamas

EQUIPO ENQUISADOR

Sergio Acevedo Iglesias

Lledó Ambrós Fernández

José Manuel Amoedo Mejjide

Helena Martínez Cabrera

María Muiños Pardavila

Alba Ordás Piñeiro

Henrique Pérez Lijó

Eduardo Sánchez Llamas

INDICE

| | | |
|---------|---|----|
| 1. | INTRODUCCIÓN | 21 |
| 2. | AS TIOPC COMO REPRESENTACIÓN DO SISTEMA PRODUTIVO DA PESCA GALEGA | 25 |
| 2.2. | DEFINICION E ALCANCE DA PESCA E O COMPLEXO MAR-PESCA GALEGO | 27 |
| 2.3. | UN SECTOR CHAVE NA ECONOMÍA GALEGA | 28 |
| 2.4. | CONTRIBUCIÓN DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT Á REPRESENTACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO..... | 34 |
| 3. | DESCRICIÓN DO ESQUEMA DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT E DEFINICIÓNS DAS VARIÁBEIS DO MARCO INPUT-OUTPUT | 37 |
| 3.1. | MARCO INPUT-OUTPUT | 38 |
| 3.1.1. | TÁBOA DE ORIXE | 39 |
| 3.1.2. | TÁBOA DE DESTINO..... | 39 |
| 3.1.3. | IDENTIDADES DAS TÁBOAS DE ORIXE E DESTINO | 40 |
| 3.1.4. | TÁBOA INPUT-OUTPUT SIMÉTRICA | 41 |
| 3.2. | MARCO INPUT OUTPUT NUNHA ANÁLISE SECTORIAL..... | 44 |
| 3.3 | DEFINICIÓN DAS COMPOÑENTES DA TÁBOA INPUT-OUTPUT | 45 |
| 3.3.1. | CONSUMO FINAL DOS FOGARES | 45 |
| 5.3.2. | CONSUMO INDIVIDUAL DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E ISFLSF | 45 |
| 3.3.3. | GASTO EN CONSUMO COLECTIVO | 45 |
| 3.3.4. | TOTAL GASTO EN CONSUMO FINAL | 45 |
| 3.3.5. | FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL FIXO | 46 |
| 3.3.6. | VARIACIÓN DE EXISTENCIAS..... | 46 |
| 3.3.7. | FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL..... | 46 |
| 3.3.8. | EXPORTACIÓNS AO RESTO DE ESPAÑA | 46 |
| 3.3.9. | EXPORTACIÓNS AO RESTO DO MUNDO | 46 |
| 3.3.10. | TOTAL EXPORTACIÓNS..... | 47 |
| 3.3.11. | TOTAL DEMANDA FINAL..... | 47 |
| 3.3.12. | TOTAL EMPREGOS | 47 |
| 3.3.13. | IMPOSTOS SOBRE OS PRODUTOS..... | 47 |
| 3.3.14. | SUBVENCÍONS AOS PRODUTOS..... | 47 |

| | |
|--|----|
| 3.3.15. IMPOSTOS NETOS POR PRODUTO..... | 47 |
| 3.3.16. SOLDOS E SALARIOS BRUTOS..... | 47 |
| 3.3.17. COTIZACIÓNS SOCIAIS A CARGO DO EMPREGADOR..... | 48 |
| 3.3.18. REMUNERACIÓN DOS ASALARIADOS..... | 48 |
| 3.3.19. OUTROS IMPOSTOS Á PRODUCCIÓN | 48 |
| 3.3.20. OUTRAS SUBVENCIONIÓNS Á PRODUCCIÓN | 48 |
| 3.3.21. OUTROS IMPOSTOS NETOS SOBRE A PRODUCCIÓN..... | 48 |
| 3.3.22. EXCEDENTE DE EXPLOTACIÓN..... | 48 |
| 3.3.23. RENDA MIXTA..... | 48 |
| 3.3.24. VALOR ACRECENTADO BRUTO..... | 49 |
| 3.3.25. CONSUMO DE CAPITAL FIXO | 49 |
| 3.3.26. PRODUCCIÓN A PREZOS BÁSICOS | 49 |
| 3.3.28. TOTAL RECURSOS A PREZOS BÁSICOS..... | 49 |
| 3.4. CRITERIOS DE VALORACIÓN E TIPOS DE FLUXOS | 50 |
| 4. CRITERIOS METODOLÓXICOS DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT PESCA CONSERVA GALEGAS 2019..... | 51 |
| 4.1. DIMENSIÓNS E CLASIFICACIÓN TÁBOAS INPUT-OUTPUT 2019..... | 52 |
| 4.2. ETAPAS NA ELABORACIÓN DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT 2019..... | 55 |
| 4.2.1. DEFINICIÓ DO UNIVERSO DE ESTUDO E DIAGNOSE INFORMACIÓ SECUNDARIA DISPONÍBLES..... | 56 |
| 4.2.2. CONSTRUCIÓ DUN CENSO DAS UNIDADES DE PRODUCCIÓ | 56 |
| 4.2.3. CÁLCULO DA MOSTRA E ADAPTACIÓ DOS CUESTIONARIOS | 58 |
| 4.2.4. CONFORMACIÓ EQUIPO ENQUISADOR | 60 |
| 4.2.5. TRABALLO DE CAMPO: REALIZACIÓ ENQUISAS, SEGUIMENTO MOSTRAXE E SUBSTITUCIÓ NON RESPOSTAS | 61 |
| 4.2.6. ANÁLISE E TRATAMENTO ESTATÍSTICO DOS RESULTADOS | 61 |
| 4.2.7. ELABORACIÓ DAS TÁBOAS E REDACCIÓ DO INFORME FINAL RECOLLENDO PROCEDEMENTOS E DECISIÓNS METODOLÓXICAS ADOPTADAS | 61 |
| 4.3. METODOLOXÍA PARA O DESEÑO DA MOSTRA..... | 62 |
| 4.3.1. PESCA EXTRACTIVA..... | 63 |
| 4.3.2. MITICULTURA..... | 65 |
| 4.3.3. MARISQUEO A PÉ..... | 67 |
| 4.3.4. DEPURACIÓ DE MOLUSCOS..... | 70 |

| | | |
|--------|---|-----|
| 4.3.5. | PISCICULTURA MARIÑA | 70 |
| 4.3.6. | CONSERVA E TRANSFORMADOS..... | 71 |
| 4.4. | RELACIÓN DE FONTES ESTATÍSTICAS E BIBLIOGRÁFICAS E DE ORGANISMOS CONSULTADOS | 72 |
| 5. | ANÁLISE E TRATAMENTO DOS DATOS | 75 |
| 5.1. | MOSTRA FINAL E ERROS: XUSTIFICACIÓN DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS CON RESPECTO DA MOSTRA INICIAL..... | 76 |
| 5.2. | ESTADÍSTICA DESCRIPTIVA: CARACTERIZACIÓN DA MOSTRA FINAL | 77 |
| 5.2.1. | PESCA EXTRACTIVA..... | 78 |
| 5.2.2. | MITICULTURA | 80 |
| 5.2.3. | MARISQUEO..... | 80 |
| 5.2.4. | PLANTAS DE DEPURACIÓN E EXPEDICIÓN DE MARISCO | 81 |
| 5.3. | IMPUTACIÓN DE VALORES PERDIDOS: PROCEDEMENTOS EMPREGADOS | 82 |
| 5.3.1. | PISCICULTURA MARIÑA | 82 |
| 5.3.2. | CONSERVA E TRANSFORMADOS..... | 83 |
| 6. | RESULTADOS: TÁBOAS INPUT OUTPUT PESCA-CONSERVA GALEGAS 2019..... | 85 |
| 6.1. | TIOPC 2019 SIMÉTRICA INPUTS INTERMEDIOS..... | 87 |
| 6.2. | TIOPC 2019 SIMÉTRICA INPUTS PRIMARIOS | 91 |
| 6.3. | TIOPC 2019 SIMÉTRICA INPUTS INTERMEDIOS..... | 95 |
| 6.4. | TIOPC 2019 SIMÉTRICA DEMANDA FINAL | 99 |
| 6.5. | TIOPC 2019 INPUTS INTERMEDIOS | 103 |
| 6.6. | TIOPC 2019 DESTINO INPUTS PRIMARIOS | 107 |
| 6.7. | TIOPC 2019 OUTPUTS INTERMEDIOS | 111 |
| 6.8. | TIOPC 2019 DE DESTINO DEMANDA FINAL..... | 115 |
| 6.9. | TIOPC 2019 DE ORIXE..... | 119 |
| 6.10. | TIOPC 2019 DE ORIXE..... | 125 |
| 6.11. | TIOPC 2019 MATRIZ DE COFICIENTES TÉCNICOS | 127 |
| 7. | CONCLUSIÓNS E SEGUINTE PASOS..... | 131 |
| 7.1. | LECTURA DAS TÁBOAS TIOPC 19, CONCLUSIÓNS E SEGUINTE PASOS..... | 132 |
| 7.1.1. | O IMPACTO ECONÓMICO DA PESCA GALEGA A TRAVÉS DAS TIOPC 19 | 132 |
| 7.1.2. | CONCLUSIÓNS..... | 135 |
| 7.1.3. | SEGUINTE PASOS..... | 136 |

| | | |
|--------|---|-----|
| 8 | REFERENCIAS..... | 137 |
| 9. | ANEXOS | 141 |
| 9.1 | ANEXO 1 - CLÚSTER DA PESCA EN GALICIA | 142 |
| 9.2. | ANEXO 2 – CORRESPONDENCIA DOS PRODUTOS DA TÁBOA INPUT-OUTPUT PESCA- CONSERVA GALEGAS 2019 COA CLASIFICACIÓN DE PRODUTOS POR ACTIVIDADES DE 2008 (CPA-08)..... | 143 |
| 9.3. | ANEXO 3 – CORRESPONDENCIA DAS RAMAS DE ACTIVIDADE DA TÁBOA INPUT-OUTPUT PESCA-CONSERVA GALEGAS 2019 COA CLASIFICACIÓN NACIONAL DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE 2009 (CNAE-09)..... | 145 |
| 9.4. | ANEXO 4 – CUESTIONARIOS..... | 146 |
| 9.4.1. | PESCA EXTRACTIVA..... | 146 |
| 9.4.2. | MITICULTURA..... | 161 |
| 9.4.3. | CENTROS DE DEPURACIÓN E CETARIAS..... | 170 |
| 9.4.4. | MARISQUEO A PÉ..... | 184 |
| 9.4.5. | CONSERVA E TRANSFORMADOS..... | 193 |
| 9.5. | ANEXO 5: FONTES SECUNDARIAS UTILIZADAS..... | 199 |

ÍNDICE DE ABREVIATURAS

ABSA: Armadores de Burela S.A.

AECOSAN: Rexistro Sanitario de Empresas e Alimentos da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición.

Agade: Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos.

Amegrove: Asociación de Produtores Mexilloeiros do Porto e Ría de O Grove.

Anfaco-Cecopesca: Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos.

Anmupesca: Asociación de Mulleres da Pesca.

AP-9: Autoestrada do Atlántico.

Arpesco: Armadores de Buques de Pesca de A Coruña.

ARVI: Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo.

CE: Consello Europeo.

CEE: Comunidade Económica Europea.

Cetmar: Centro Tecnolóxico do Mar.

Cima: Centro de Investigacións Mariñas.

CNAE: clasificación nacional de actividades económicas.

COVID-19: Coronavirus.

CPA: Clasificación de Produtos por Actividades.

DATACOMEX: Estatísticas de comercio exterior de bens de España e da UE.

DO: Diario Oficial das Comunidades Europeas.

Ecopesca: Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e Recursos Naturais da Universidade de Santiago de Compostela.

Eurostat: Oficina Europea de Estatística.

FAO: Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación.

FBCF: Formación Bruta de Capital Fixo.

Fundamar: Fundación para a pesca e marisqueo.

GALP: Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

IEO: Instituto Español de Oceanografía.

IER: índice de especialización rexional.

IGaFA: Instituto Galego de Formación en Acuicultura.

IGE: Instituto Galego de Estatística.

IIM-CSIC: Instituto de Investigacións Mariñas do Consello Superior de Investigacións Científicas.

INE: Instituto Nacional de Estatística.

I-O: input-output.

IQR: Inter-Quartile Range.

Intecmar: Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

ISFLSF: institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares.

IVE: imposto sobre o valor engadido.

NACE Rev 2: nomenclatura estatística de actividades económicas da Comunidade Europea.

Ocupesca: enquisa sobre poboación ocupada na pesca e acuicultura mariña de Galicia.

OPP: Organización de Produtores Pesqueiros.

OPP-07: Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo.

PEME: pequenas e medianas empresa.

PIB: produto interior bruto.

S.A.: sociedade anónima.

SABI: sistema de análise de balances ibéricos.

SEC: Sistema europeo de contas.

SERGAS: Servizo Galego de Saúde.

Sd.: desviación estándar.

SIP: Sistema de Información Pesqueira.

TAC: totais admisibles de Capturas.

TIO: táboas input-output.

TIOPC: táboas input-output da esca-conserva galegas.

TIOPP: produtos das TIOPC.

TIOPC. TIOPR: ramas de actividade das

TIOPC. TRB: tonelaxe de rexistro bruto.

UE: Unión Europea.

VABcf: valor agregado bruto a coste de factores

ÍNDICE DE TABOAS

| | |
|--|----|
| Táboa 1 - Índice de especialización rexional. Valores >1 indican especialización, mentres que valores = 1 indican que o peso do emprego do sector que correspondente sobre a economía galega é igual ao peso dese sector na economía española..... | 33 |
| Táboa 2 - Táboa de orixe simplificada..... | 39 |
| Táboa 3 - Táboa de destino simplificada..... | 39 |
| Táboa 4 - Táboa input-output simétrica..... | 42 |
| Táboa 5 - Representación da matriz de consumos intermedios nunha táboa input-output simétrica sectorial..... | 44 |
| Táboa 6 - Esquema das diferenzas nos métodos de valoración..... | 50 |
| Táboa 7 - Estrutura dos estratos seleccionados para o sector da pesca extractiva galega..... | 64 |
| Táboa 8 - Características e erros na mostra inicial para os distintos estratos e subestratos considerados para a pesca extractiva..... | 65 |
| Táboa 9 - Estrutura dos estratos seleccionados para o sector miticultor galego..... | 66 |
| Táboa 10 - Características e erros para os distintos estratos e subestratos considerados para o sector miticultor..... | 66 |
| Táboa 11 - Estrutura dos estratos da mostra para o sector marisqueiro galego..... | 69 |
| Táboa 12 - Estratificación e características da mostra para o sector marisqueiro galego..... | 70 |
| Táboa 13 - Estrutura dos estratos da mostra para o sector da depuración de moluscos galego..... | 70 |
| Táboa 14 - Estratificación e características da mostra para o sector marisqueiro galego..... | 71 |
| Táboa 15 - Deseño da mostraxe. Estratos, subestratos e error mostral..... | 76 |

ÍNDICE DE FIGURAS

| | |
|---|----|
| Figura 1 - Distribución espacial dos desembarcos (en valor, euros) do sector pesqueiro Galego por lonxa de destino | 29 |
| Figura 2 - Evolución demográfica en Galicia..... | 30 |
| Figura 3 - Número de empresas pesqueiras en Galicia. Co fin de dar unha visión útil da concentración empresarial, os datos son representados en escala logarítmica..... | 31 |
| Figura 4 - Representación da ratio Número de empresas relacionadas con pesca/habitantes por concello en Galicia..... | 32 |
| Figura 5 - Diagrama conceptual da estrutura do sector pesqueiro extractivo galego adoptado para a elaboración das TIOPC 19..... | 57 |
| Figura 6 - Deseño mostral. Estrutura dos sectores, estratos e subestratos considerados para o sector pesqueiro e da conserva galegas na edición das Táboas nput-output 2019..... | 62 |
| Figura 7 - Distribución da mostra de pesca extractiva por subestratos | 64 |
| Figura 8 - Estrutura dos estratos seleccionados para o sector miticultor galego..... | 66 |
| Figura 9 - Distribución espacial das agrupacións de mariscadoras existentes en Galicia | 68 |
| Figura 10 - Distribución da mostra para o marisqueo por estratos..... | 69 |
| Figura 11 - Distribución da mostra para a depuración de moluscos por estratos..... | 69 |
| Figura 12 - Estrutura de gastos para as modalidades de pesca extractiva de baixura (artes menores) e litoral (palangre, cerco e outras artes) | 78 |
| Figura 13 - Estrutura de custos para as modalidades de pesca extractiva de altura (arrastre, palangre e outros artes) e grande altura (palangre e arrastre) | 79 |
| Figura 14 - Estrutura de gastos para os diferentes estratos incluídos na miticultura. Por motivos de segredo estatístico, excluímos da figura o estrato 4, constituído por unha única empresa | 80 |
| Figura 15 - Estrutura de gastos para as modalidades consideradas no marisqueo a pé | 81 |
| Figura 16 - Estrutura de gastos para o sector de plantas de depuración e expedición de marisco | 82 |

1. INTRODUCCIÓN

Transcorridas case tres décadas dende que no ano 1995 arrancara a elaboración das primeiras Táboas input-output da pesca-conserva galegas (TIOPC) a bagaxe acumulada permite tanto calibrar o camiño percorrido como alzar a vista cara ao futuro na procura de redefinir os retos de acordo coas profundas transformacións que, dende entón, sufriu o complexo mar-industria galego nas súas vertentes académica, institucional e produtiva.

O inicio da era moderna da pesca galega podemos cifralo só 10 anos antes, cando non só se promulga a primeira norma autonómica relativa á pesca, a Lei 15/1985, de ordenación marisqueira e cultivos mariños, que inicia a efectiva asunción de competencias por parte da Xunta de Galicia, senón que estamos ás portas da entrada na Comunidade Económica Europea (CEE). Ábrese, deste xeito, un período no que a Administración autonómica comeza a despreparar o conxunto do seu marco competencial na pesca, incluíndo regulamentación da produción, protección do medio ambiente, apoio financeiro e tecnolóxico, control e inspección, etc. (Rodríguez, 2008). A partir dese momento, a medida que progresa a consolidación da Administración autonómica, intensifícase o labor legislativo, sendo particularmente perceptible a partir da década de 1990 (Rodríguez et al., 2014).

Entre a extensa actividade acometida inclúese o desenvolvemento de ferramentas e bases de datos estatísticas que permiten apoiar a toma de decisións políticas a través da dotación dun coñecemento fidedigno do sector pesqueiro-marisqueiro galego, nas súas vertentes ecolóxica, económica e social. Aquí cabe citar o extinto Sistema de Información Pesqueira (SIP), hoxe substituído por Pesca de Galicia (www.pescadegalicia.gal), Ocupesca (enquisa sobre poboación ocupada na pesca e acuicultura mariña de Galicia) ou as TIOPC.

A achega das primeiras TIOPC foi especialmente significativa cando menos en dous ámbitos: i) a visibilización e recoñecemento social dun sector que, até entón, era considerado pouco menos que marxinal e; ii) a resignificación do produto pescado. Efectivamente, nos anos 90 do s. XX a pesca galega era un sector que, partindo das vantaxes de localización, operaba xa nunha escala global (García-Negro 2010). A cuantificación por primeira vez, de xeito rigoroso e preciso, da contribución económica da pesca á economía galega foi unha achega decisiva para sacar á luz a realidade substantiva desta actividade e da súa industria asociada, promovendo o seu recoñecemento social. Asociado a esa visión tradicional e simplificada da pesca, o pescado identificábase como o produto extraído do mar. Moi ao contrario, para que o produto pescado chegue ao consumidor é necesaria a participación, non só da pesca extractiva, senón tamén dunha elevada gama de inputs para realizar o proceso produtivo e de servizos para garantir que o produto sexa posto efectivamente á disposición do consumidor final, configurando unha cadea de valor de carácter netamente industrial. En definitiva, as Táboas permitiron alumar un marco novo para o coñecemento e a interpretación da pesca-conserva galegas.

Efectivamente, partindo das posibilidades que ofrecían as rías e a exigua plataforma continental galega, a pesca innovou, desenvolveu novas vantaxes competitivas e integrou unha complexa cadea de valor que lle permite operar a unha escala global tanto en termos de produción, como de comercialización. Innovacións a nivel mundial como a posta en funcionamento dos primeiros buques conxeladores, o cultivo de mexillón en bateas ou a creación da primeira planta comercial de rodaballo do planeta, son só algúns exemplos que dan fe do esforzo que o capital e a técnica galegas teñen feito por superar as

limitacións existentes, desenvolver novas capacidades e dotarse da resiliencia necesaria para adaptarse a entornas cambiantes. A este respecto, non podemos deixar de subliñar a profundo proceso de mudanza institucional que permitiu transitar dun contexto marcado pola práctica ausencia de estado e unha cultura pesqueira baseada na idea de mar libre propios da primeira metade do s. XX, a unha pesca fortemente regulamentada, apoiada no mellor coñecemento científico dispoñible e enfocada á valorización de posibilidades de pesca predeterminadas baseadas en TACs e cotas. O resultado deste esforzo tense materializado, a día de hoxe, nun complexo mar-industria en expansión, que constitúe a primeira rama de especialización da economía galega e que se sitúa entre os tres principais sectores por comercio exterior (Vecino Meixide 2019), pero que, a diferenza dos outros dous, a automoción e a confección, non concentra as exportacións nunha única empresa en cada caso, senón nun grande clúster de medianas empresas. Un sector que, ademais, exerce un efecto de arrastre cuantitativo sobre 83 sectores da economía e cualitativo, traccionando, coa colaboración das administracións públicas, a principal concentración de institucións de ciencia e tecnoloxía mariña de España (Duarte, 2006).

Se as primeiras Táboas tiveron a virtude de botar luz sobre esa realidade, as seguintes avanzaron para se converter nunha ferramenta de soporte á decisión pública e empresarial, de análise na investigación pesqueira e, en particular, de avaliación do impacto de cambios ou shocks, tanto pola vía da oferta, como polo da demanda. Ademais, son útiles para orientar políticas eficaces e consistentes simulando o efecto de medidas alternativas de política (García-Negro et al. 2016). En definitiva, as TIOPC son, na actualidade, un documento de referencia para o coñecemento, estudo e análise da pesca galega.

Así, a Comisión de Pesca e Marisqueo do Parlamento Galego, en sesión del 28 de abril de 2017 aprobou por unanimidade unha proposta non de lei a través da que se insta á Xunta de Galicia a continuar coa elaboración periódica das Táboas input-output da pesca galega. A presente edición da cumprimento á encomenda do Parlamento de Galicia non só consolidando o marco analítico característico das edicións pasadas, senón ampliando a súa funcionalidade mediante a incorporación dalgunhas novidades. En primeiro lugar, se ben a estrutura xeral é a mesma doutras edicións, o que garante a comparabilidade dos datos entre as diferentes TIOPC, engadíronse subdivisións nos distintos segmentos da flota, particularmente nas de litoral, altura e grande altura, a fin de coñecer máis especificamente a función de produción propia das principais artes de pesca: cerco, arrastre, palangre, etc. Do mesmo xeito e, dada a súa relevancia económica, incorporouse o sector da depuración de moluscos e mariscos ás ramas de actividades das TIOPC, dando cabida a unha actividade produtiva antes non diferenciada. Por último, nesta edición fíxase o obxectivo de incrementar a accesibilidade e usabilidade das Táboas. Por unha banda fornecendo unha mellor lectura dos principais resultados e, por outra, proporcionando un contexto aos datos que facilite a súa axeitada interpretación. En calquera caso, as TIOPC presentan unha visión fidedigna das relacións interindustriais que caracterizan a pesca e o sector de transformación do produtos da pesca.

2. AS TIOPC NO CONTEXTO DO COMPLEXO MAR-INDUSTRIA GALEGO

2.1. AS TIOPC COMO REPRESENTACIÓN DO SISTEMA PRODUTIVO DA PESCA GALEGA.

As táboas input-output fornecen dunha *“análise detallada dos procesos de produción, empregos dos bens e servizos (produtos) e dos ingresos xerados nesos procesos produtivos”* (EUROSTAT, 2008).

Ademais de ofrecer unha imaxe integral dos procesos produtivos dunha economía -neste caso sectorial- e os seus compoñentes no lado da demanda e oferta, e das súas interconexións, as Táboas proveen dun marco ideal para o deseño de políticas en base á evidencia sobre a dimensión real dos distintos sectores e potenciais efectos derivados da introdución de cambios internos ou externos.

De acordo coas orientacións que conforman os métodos aceptados para a elaboración das táboas input-output (TIO) rexionais e sectoriais e co fin de favorecer a comparación lonxitudinal dos datos, esta edición das TIOPC foi realizada empregando a mesma metodoloxía que debutara na primeira achega á análise I-O da pesca realizada en 1995 e posteriormente en 1999 e 2011. Así, a definición conceptual de pesca, o conxunto dos sectores abranguidos e a denominación das ramas e produtos son as mesmas, o detalle fornecido é, sen embargo maior. Isto, dun punto de vista metodolóxico permítenos minimizar unha das limitacións que usualmente caracterizan os modelos I-O, a *“homoxeneidade da industria”*, é dicir, que todas as firmas dentro dunha mesma industria amosan nos patróns de produción comúns (Bess and Ambargis 2011). Se ben isto necesariamente seguirá sucedendo, farao nunha escala moito menor, resultando nun maior realismo. Como ampliacións desta edición, as Táboas permitirán amosar resultados para os subsectores do arrastre e palangre na pesca, piscicultura, depuración e un maior detalle sobre a estrutura de custos e ingresos e as súas implicacións para o sector conserveiro e de transformados de pescado.

A importancia estratéxica das TIO, ao definiren as distintas ramas do sistema produtivo da pesca para integralas nunha única actividade económica, é a súa capacidade de análise totalizadora dos procesos de produción pesqueira. Isto é, que reflecten unha imaxe obxectiva do tamaño do sector, as súas interconexións con outros sectores e o seu impacto cara diante e atrás. O produto producido polo complexo é único no mercado. O recoñecemento que o mercado fai do produto refírese a un só ben, presentado nas diversas modalidades, que se ben son analiticamente separábeis, non o son economicamente na realización mercantil. Deste xeito, o funcionamento do proceso de distribución do pescado, fai que non se aprezen diferenzas entre o pescado orixinalmente producido nunha ou noutra rama nas fases de transformación ou comercialización na súa ruta cara o consumo final.

A tradición nos distintos tipos de procesos produtivos do complexo non constitúe un elemento conceptual diferenciador do pescado máis que a efectos de propaganda comercial. Todo o contrario: o dominio das forzas do mercado está presente en todas as modalidades sexan cales sexan as bondades e vontades da parte produtora.

Deste modo, é indiferente ao imperio do mercado a artesanía de certas artes, ou a eficacia da industria transformadora. O mercado de pescado móvese no xeral de alimentos e este ten hoxe un carácter mundial, con rupturas e compartimentos de desenvolvemento propio. O mercado de pescado fresco local e de pescado de luxo non é comparábel na súa conduta co de conxelados e conserva, pero o

devir dun inflúe decisivamente no movemento de prezos do outro. Este excursión arredor da definición conceptual de pescado, é preciso para esvaecer unha segmentación na análise mimética con respecto da que o mercado produce nas distintas presentacións.

Que a pesca non é artesanal, que é un dos sectores económicos con maior implantación territorial e interrelacións con outros sectores do país, ou que o tamaño das explotacións bateiras pequenas non se debe só á natureza -de economía social- da actividade, senón aos incentivos derivados da lexislación tributaria son algunhas das ideas preconcebidas sobre a pesca na Galiza que este traballo de investigación contribúe a desvendar.

2.2. DEFINICION E ALCANCE DA PESCA E O COMPLEXO MAR-PESCA GALEGO

Paz Andrade, en 1954, na súa obra titulada *Sistema económico da pesca en Galicia* presenta unha definición da pesca Galega asentada na premisa da localización espacial da actividade extractiva. É dicir, Andrade establece que a pesca galega é a que se realiza nas costas ou dende as costas do país. Ademais, na mesma obra amplía a definición ao conxunto do esforzo industrial que os brazos, a técnica e o capital galegos dedican á explotación do mar. Nesta ampliación represéntase o conxunto do sector pesqueiro como un sector económico que, examinado na súa totalidade, comprende o que entendemos por pesca galega. Non convén limitar a definición a contabilización da poboación activa, flota, desembarcos e industria transformadora locais, xa que a presenza galega nos mercados estranxeiros (cambios de base, novas fronteiras industriais fóra da Galiza, tripulantes e capital) superan a localización.

O artellamento produtivo mediante a aglomeración e a formación de redes de empresas levou a que a pesca galega fose e sexa quen de xerar concentracións de unidades produtivas (empresas ou outras) e interconexións entre elas. Como resultado, o complexo produtivo pesqueiro galego benefíciase de importantes economías de escala e é quen de ocupar e manter unha posición de liderado noutras economías exteriores, operando competitivamente nos mercados nacionais e internacionais. Estes trazos, en comparación con outros sectores que compoñen a economía galega, permiten caracterizar á pesca como un sector industrial maduro.

Por produto pescado definimos o conxunto de bens -alimento- que o mercado recoñece como procedente do mar. Así, o mercado identifica como pescado aos peixes, crustáceos, equinodermos, gasterópodos, algas e moluscos nas súas diversas presentacións, que responden a unha demanda distinta da doutros alimentos proteínicos non procedentes do mar. Producir unha unidade de peixe, entendendo este como un ben económico que é pescado, é moito máis complexo que pescar.

Os produtos de pesca son, en primeiro termo, os producidos en pesca de baixura, basicamente pescado fresco do día. En segundo termo, poden ser xerados por unidades de produción -ou embarcacións-, de pesca litoral, que producen pescado fresco ou refrixerado. Terceiro, pode haber pescado de altura, obtido no seo de empresas de pesca de altura e con presentación como pescado refrixerado e/ou conxelado. Por outra banda, o pescado conxelado é o producido en unidades ou barcos de grande altura, que xeralmente son propiedade de compañías multinacionais.

O marisco é producido polas unidades de produción marisqueiras -ben agrupacións, ben confrarías, cooperativas que faenan a pe nos bancos marisqueiros exclusivamente na Galiza e presentan no mercado pescado na modalidade marisco fresco. A depuración transforma o marisco fresco obtido mediante as técnicas de marisqueo nun produto (fresco ou refrixerado) apto para o consumo humano; neste sentido, o marisco convértese nun ben de mercado cando as plantas de depuración, transformadores e comercializadores actúan. Por outra parte, o pescado producido na acuicultura mariña galega, principalmente rodaballo e linguado, preséntase como produto fresco. O mexillón producido na acuicultura mariña de maior extensión europea: a miticultura galega, presenta mexillón en varias modalidades: fresco, conxelado, en conserva e precociñado. Atopamos por último pescado en conserva e transformados producido industrialmente e de forma especializada polo subsector conserveiro-transformador de pescado e que coloca no mercado produtos dirixidos ao consumo humano. Sexan conservas clásicas de pescado producidas mediante procesos de esterilización con autoclave ou unha gama actual de preparados de pescado de longa duración, chamados transformados, incluíndo afumados, precociñados, filetes, procesados (como o surimi) ou peixe en salmoira, todo é pescado.

A idea do clúster, recollido no Anexo 9.1. para o complexo produtivo galego, da conta desa visión integradora que empregamos para definir pesca galega e clasificar os distintos elementos que a compoñen a partir da cadea de valor. Aмосa tamén a elevada complexidade e estruturación do mesmo. As TIOPC son a expresión cuantitativa dese clúster e constitúen unha das ferramentas que maior calidade ofrecen no subministro de información para o estudo dos sistemas produtivos e as cadeas de valor.

2.3. UN SECTOR CHAVE NA ECONOMÍA GALEGA.

Na medida en que esa expresión matemática que son as matrices input-output pode resultar un tanto abstracta para aqueles non familiarizados con ela, considerouse necesario aportar un contexto máis gráfico, máis palpable incluso, que permita, cando menos, delimitar de modo máis expresivo o corpo do obxecto que estamos a estudar. Ese é o obxectivo deste apartado.

Neste caso non incidiremos tanto no peso económico directo, cuxa medición constitúe precisamente o obxecto dos seguintes apartados, senón na súa expresión a través da contribución ao desenvolvemento territorial, a súa inserción na especialización produtiva galega ou o comercio exterior.




Figura 1 - Distribución espacial dos desembarcos (en valor, euros) do sector pesqueiro Galego por lonxa de destino

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Pesca de Galicia.

Unha característica indicativa da contribución da economía pesqueira ao desenvolvemento territorial é a grande distribución das descargas de peixe e marisco e das actividades transformadoras ao longo do amplo número de portos e localidades que balizan os 1.490 km de costa galega. Alí se emprazan lonxas, frigoríficos, polígonos de bateas, depuradoras, granxas de cultivo, conserveiras, centros de distribución, fábricas de procesados e unha longa miríade de actividades relacionadas co sector. Esta ampla distribución da actividade evita a concentración da riqueza nun punto illado estendéndose polo litoral galego, o que tradicionalmente ten fixado poboación na liña de costa e garantindo a existencia das comunidades costeiras locais. Un indicador do exposto é a distribución espacial dos desembarcos do sector pesqueiro por lonxa (Figura 1), na que se observa que, a pesar dos elevados valores dos desembarcos en lonxas como a de Vigo, Coruña o Burela, encóntranse ben distribuídos a longo da costa galega.




Figura 2 - Evolución demográfica en Galicia
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Esta dispersión espacial das empresas ao longo da costa constitúe unha das principais virtudes do sector. Dende os anos 70, a literatura evolucionista ten observado que o desenvolvemento territorial tende a ser feble se se basea sobre empresas illadas, sen tomar en conta e fortalecer as súas capacidades de xerar economías de escala e alcance mediante a aglomeración e a formación de redes de empresas (Schmitz, 1995; Porter, 1991). Isto débese á idea de existencia de externalidades positivas como base dunha forza competitiva colectiva que sería superior á mera suma da capacidade propia de cada empresa illadamente. Da mesma maneira, a proximidade xeográfica favorece a posibilidade de construír e se beneficiar de economías externas de varias formas (fluxos de información, mercado laboral especializado, colaboración empresarial, etc.). Unha consecuencia típica destas formas de artellamento produtivo é a capacidade das empresas (incluídas as PEMEs) de operar competitivamente nos mercados nacionais e internacionais (Larrea et al., 2009).

Esa localización distribuída da actividade e empresas relacionadas coa pesca ten sido chave tanto para explicar o dinamismo das principais aglomeracións urbanas e vilas intermedias, dende Ribadeo á A Guarda, pasando por Coruña, Vilagarcía ou Vigo, como tamén de zonas cuxo pulso tería sido máis débil sen a contribución indispensable dos sectores do mar. En xeral, o eixo atlántico tense caracterizado ao longo dos últimos 50 anos por un notable dinamismo demográfico (Figura 2). Non é alleo a este proceso o papel das grandes infraestruturas, nomeadamente a AP-9 e o Corredor Atlántico, que na medida en que facilitan os desprazamentos e favorecen o transporte, a distribución e a loxística, estimulan a

estimulan a concentración da actividade económica e da poboación nas áreas e, sobre todo, nos nodos que conectan.

Efectivamente, o Eixo Atlántico, de acordo cos datos do IGE, esa estreita franxa que vai de Ferrol a Tui, concentra o 80% do PIB e da poboación e amosa o maior dinamismo demográfico en Galicia durante os últimos 40 anos. Máis aínda, 17 dos concellos situados nesta área concentran o 66% do PIB galego con só o 37% da poboación. A tendencia xeral no resto de Galicia é o declive, a excepción ou en menor medida, nos núcleos urbanos e nalgúns concellos da Mariña Lucense e da Costa da Morte que se atopan intimamente relacionadas coa industria pesqueira (Figura 3). En particular, resulta ilustrativa desta argumentación a comparación entre o extremo oriental galego e o occidental, cun un profundo declive no primeiro e un mellor comportamento en áreas tamén afastadas dos principais eixos de desenvolvemento, pero integradas no sistema produtivo da pesca, como é a Costa da Morte.

A nosa Comunidade concentra, por unha banda, o 50% da flota española (MAPA, 2020) e, por outra, o 60% das empresas de conservas e transformados do ramo (ANFACO, 2021) e aínda máis en valor, xa que inclúe algunhas das maiores empresas. A flota de 4.276 embarcacións, inclúe dende as embarcacións de dous tripulantes típicas do marisqueo a flote a bacallaeiros conxeladores de 86 metros de eslora e 34 tripulantes. A estatística deixa fora a parte da flota de orixe galego hoxe abandeirada en lugares como Malvinas, Irlanda, Reino Unido, Bélxica, Francia, Arxentina, Séichelles, Namibia, Portugal, Rusia, etc. Embarcacións algunhas que seguen a amarrar periodicamente nos nosos portos, outras definitivamente desprazadas a mares afastados, en calquera caso necesarias para alimentar os seguintes elos da cadea de valor: a transformación e a comercialización. A súa vez, grazas a actividades cuxo ámbito de actuación non é so o español, senón o europeo, converten a Galiza no principal comercializador de peixe de Europa.




Figura 3 - Número de empresas pesqueiras en Galicia. Co fin de dar unha visión útil da concentración empresarial, os datos son representados en escala logarítmica.

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A Figura 3 ilustra a localización e a concentración de empresas pesqueiras¹ en Galicia. Os datos, expresados en logaritmos, amosan que, pese a que as industrias pesqueiras tenden a se concentrar en aglomeracións urbanas (como pode ser do caso de Vigo, ou A Coruña), se trata, ao igual que na fase extractiva, dunha actividade distribuída ao longo de todo o territorio. Mesmo, como se pode observar, dun xeito que comeza a impregnar tamén concellos do interior, aos que chega para dar saída as súas necesidades de expansión e retos loxísticos.

A figura anterior nos indica onde se localizan e concentran as empresas pesqueiras, pero non nos aclara o seu peso no territorio. A Figura 4 permite nos aproximar a esta cuestión, completando a panorámica que vimos realizando neste apartado, ao relacionar o número de empresas do complexo mar-pesca coa poboación. Obsérvase que as ratios máis elevadas se producen en localidades medias como A Garda, O Grove, Cambados Ribeira, Cariño, Viveiro, Cervo ou Burela. En definitiva, verifícase que, como era de esperar, existe concentración de empresas nas grandes aglomeracións costeiras, pero ao mesmo tempo mantense un carácter de muro de carga da construción social en moitas outras localidades intermedias.




Figura 4 - Representación da ratio Número de empresas relacionadas con pesca/habitantes por concello en Galicia

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Empresas dedicadas ás actividades CNAE 0211 (Pesca mariña), 0321 (Acuicultura mariña), 1021 (Elaboración de peixe, crustáceos e moluscos), 1022 (Elaboración de conservas de peixe), 4638 (Comercio grosista de peixe, marisco e outros produtos alimenticios), 4723 (Comercio retalista de peixe e marisco en establecementos especializados).

1 Aquelas empresas galegas dedicadas ás actividades CNAE 0311, 0321, 1021, 1022, 4638 y 4723.

O cálculo do Índice de Especialización Rexional permítenos certificar unha idea que latexaba nas análises anteriores respecto da pesca como vector de éxito da especialización galega no contexto do Estado. Efectivamente, sector pesqueiro galego expresa un notabilísimo nivel de especialización, o cal no só destaca por ser elevado, senón tamén por terse acentuado durante os últimos 10 anos, suxerindo unha concentración da actividade expresiva do desenvolvemento da vantaxe competitiva. Ademais, non só afecta á pesca extractiva tamén o resto de sectores marítimos (transporte, industria naval e alimentación), cuxa columna vertebral está constituída pola industria conserveira e a fabricación de alimentos a base de produtos do mar. A diferenza respecto de calquera outra actividade é elocuente.

Ademais do nivel de especialización, a análise das exportacións permite completar a panorámica ofrecendo unha visión daqueles produtos nos que Galiza é máis competitiva a nivel internacional e que, en esencia son os combustibles, as prendas de vestir, os automóbiles e os pescados e mariscos. O mantemento ao longo do tempo desta posición preeminente é consecuencia do continuo nivel de desenvolvemento do sector, evitando deste xeito, dificultades para manter a súa dinámica e xerando continuamente vantaxes competitivas suficientemente sofisticadas como para destacar no ámbito global. Nun contexto como o actual no que é indispensable para as empresas renovar e modernizar continuamente os seus produtos, o complexo pesqueiro galego amosa precisamente unha multiplicación das iniciativas orientadas a renovar as formas de consumo de produtos do mar (Gonzalez-Laxe, 2017).

| | IER Gal 2010 | IER Gal 2019 |
|--|-----------------|-----------------|
| Pesca e acuicultura | 86.33 | 105.19 |
| Transporte marítimo e por vías navegables interiores | 18.18 | 13.49 |
| Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico | 7.98 | 11.25 |
| Confección de roupa de vestir | 3.01 | 3.23 |
| Silvicultura e explotación forestal | 1.6 | 2.95 |
| Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría | 2.14 | 2.59 |
| Outras industrias extractivas | 2.16 | 2.11 |
| Agricultura, gandería, caza e servicios relacionados con elas | 2.49 | 2.09 |
| Fabricación doutro material de transporte | 2.29 | 2 |
| Extracción de cru de petróleo e gas natural | 0.78 | 1.77 |
| Coquerías e refinación de petróleo | 1.36 | 1.62 |
| Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques | 1.74 | 1.6 |
| Enxeñería civil | 1.11 | 1.47 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | 1.42 | 1.47 |
| Industria da alimentación | 1.34 | 1.4 |
| Fabricación de outros produtos minerais no metálicos | 1.3 | 1.24 |
| Actividades veterinarias | 1.21 | 1.24 |
| Actividades de construción especializada | 1.18 | 1.2 |
| Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas | 1.17 | 1.17 |
| Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento | 1.04 | 1.15 |

Táboa 1 - Índice de especialización rexional. Valores >1 indican especialización, mentres que valores = 1 indican que o peso do emprego do sector que correspondente sobre a economía galega é igual ao peso dese sector na economía española.

Cabe subliñar que esa capacidade de exportar, esa orientación ao mercado global, permite que as importación de produtos actúen de modo complementario en non substitutivo da produción propia (García-Negro, Rodríguez-Rodríguez, and González-Laxe 2018), que tende a situarse nos segmentos de maior valor engadido da oferta global.

A estrutura produtiva que da lugar a este comercio exterior é, sen embargo, notablemente distinta e reviste implicacións diferentes en termos de desenvolvemento. Mentres os tres primeiros produtos proceden esencialmente dunha única compañía multinacional en cada caso, no caso da pesca a capacidade competitiva radica en múltiples empresas, expresando un proceso no que o desenvolvemento é liderado polo territorio e non pola empresa.

A demanda intermedia o efecto de arrastre exercido cara outras ramas da economía (Rodríguez Rodríguez, 2009) constitúe outro dos aspectos que determinan a relevancia da inserción produtiva da pesca na economía galega. A súa cuantificación é tamén un dos elementos observables a través das matrices que forman parte desta publicación.

Nos capítulos seguintes poderemos, efectivamente, verificar os alicerces do papel económico e social do complexo mar-pesca que, até aquí, temos delineado. Non obstante, podemos subliñar xa algunhas características destacadas a empezar polo carácter economicamente distribuído desta actividade e a súa contribución a xustiza territorial en Galiza, constituíndo un pilar económico que é fonte de desenvolvemento nalgúns casos e freo ao baleirado poboacional noutros.

Non está demais subliñar o carácter renovable e sostible destas actividades, pois o recurso pesqueiro é hoxe xestionado con criterios científicos, que sentan as bases das posibilidades de pesca, logo axustadas no debate político a fin de acadar un compromiso entre os obxectivos de sostenibilidade ecolóxica, económica e social.

Visto o anterior é posible afirmar que o futuro de Galiza pasa, sen dúbida, pola pesca.

2.4. CONTRIBUCIÓN DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT Á REPRESENTACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO

O obxectivo principal das Táboas input-output da pesca e conserva galegas (TIOPC) é proporcionar ferramentas de análise interpretación, coñecemento e valorización social da pesca por parte dos axentes que compoñen o sector (empresas, institucións, organismos xestores, etc.) e da sociedade en xeral.

En esencia, as TIOPC representan as relacións entre compras e vendas de todos os subsectores (tamén denominadas transaccións interindustriais) previamente mencionadas que conforman o sector pesqueiro galego, agregando estas dependendo da natureza dos produtos xerados ou dos servizos proporcionados. Estas transaccións represéntanse nunha matriz na que as vendas realizadas por cada sector móstranse en filas, mentres que as compras son asignadas a columnas. Ademais, as transaccións entre os propios subsectores do sector pesqueiro móstranse nunha categoría coñecida como “demanda final”, na que se inclúen aos axentes, institucións e exportacións fóra da Galiza. Neste sentido, as TIOPC

constitúen unha ferramenta de análise económica moi poderosa, axudando a identificar a natureza e forza das interaccións entre sectores.

Alén da súa gran utilidade no estudo das relacións intersectoriais da pesca e conserva galega, a ferramenta ten impulsado un número considerable de traballos empíricos que contribuíron a profundar no coñecemento das actividades económicas e súa evolución tanto no ámbito rexional, como nacional (Artés, 2006). Neste sentido, un dos principais usos das TIOPC é a análise da estrutura económica que permite determinar a consistencia interna das actuacións de política (como o efecto de eliminar unha subvención) ou de identificar vulnerabilidades do sistema ante mudanzas sectoriais (por exemplo, un aumento do prezo do combustible). Ademais, as Táboas permiten medir cambios na produtividade, estudar as repercusións dunha substitución de recursos ou determinar o impacto das variacións no valor dos insumos sobre a estrutura de custos (Artés, 2006).

Por último, débese subliñar o papel das TIOPC á hora de facer predicións. Nese sentido, as TIOPC posibilitan analizar modificacións sectoriais potenciais, examinando se contribúen a alcanzar os obxectivos propostos para cada sector e a demanda final (Artés, 2006).

3. DESCRICIÓN DO ESQUEMA DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT E DEFINICIÓNS DAS VARIÁBEIS DO MARCO INPUT-OUTPUT

3.1. MARCO INPUT-OUTPUT

O Sistema Europeo de Contas 1995 (SEC 1995) constitúe o marco vixente no momento de elaboración das presentes táboas. Non obstante, dende a súa aprobación o Regulamento (CE) No 2223/96 do Consello de 25 de xuño de 1996 relativo ao sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade, sufriu unha serie de modificacións. Delas, só a numerada como M4 (Regulamento (CE) no 995/2001 de la Comisión de 22 de maio de 2001) modifica o marco input-output. Tal modificación refírese á forma de rexistrar os impostos e subvencións sobre os produtos.

| Modificacións Regulamento (CE) NO 2223/96 |
|---|
| (M1) Regulamento (CE) no 448/98 do Consello de 16 de febreiro de 1998. |
| (M2) Regulamento (CE) no 1500/2000 da Comisión de 10 de xullo de 2000. |
| (M3) Regulamento (CE) no 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de novembro de 2000. |
| (M4) Regulamento (CE) no 995/2001 da Comisión de 22 de maio de 2001. |
| (M5) Regulamento (CE) no 2558/2001 do Parlamento Europeo e do Consello de 3 de decembro de 2001. |
| (M6) Regulamento (CE) no 113/2002 da Comisión de 23 de xaneiro de 2002. |
| (M7) Regulamento (CE) no 359/2002 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2002. |
| (M8) Regulamento (CE) no 1267/2003 do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de xuño de 2003. |
| (M9) Regulamento (CE) no 1392/2007 do Parlamento Europeo e do Consello de 13 de novembro de 2007. |
| (M10) Regulamento (CE) no 400/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de abril de 2009. |

Segundo se recolle no SEC 1995 o marco input-output componse de tres tipos de táboas:

1. Táboas de orixe e destino
2. Táboas que relacionan as táboas de orixe e destino coas contas dos sectores
3. Táboas input-output

As táboas de orixe e destino son matrices por ramas de actividade e produtos nas que se describen os procesos interiores de produción e as operacións de bens e servizos da economía. As matrices represéntanse coas ramas de actividades en columnas, e os produtos en filas, permitíndonos coñecer:

- a. A estrutura dos custos de produción e da renda xerada no proceso de produción
- b. Os fluxos de bens e servizos producidos dentro da economía galega
- c. Os fluxos de bens e servizos co resto do mundo

3.1.1. Táboa de orixe

Nunha táboa de orixe móstrase a oferta de bens e servizos por produto e tipo de provedor, distinguindo a produción das ramas de actividade interiores e as importacións. A esta táboa tamén a poderíamos denominar de recursos.

| Oferta | Ramas de actividade | Resto do mundo | Total |
|--------------|--|--------------------------|--------------------------|
| | (1) | (2) | (3) |
| Produtos (1) | Produción por produto e por rama de actividade | Importacións por produto | Oferta total por produto |
| Total (2) | Produción por rama de actividade | Importacións totais | Oferta total |

Táboa 2 - Táboa de orixe simplificada

3.1.2. Táboa de destino

Nunha táboa de destino móstranse os empregos de bens e servizos por produto e tipo de emprego, é dicir, como consumos intermedios (por rama de actividade), consumo final, formación bruta de capital, ou exportacións. Ademais, na táboa móstranse as compoñentes do valor acrescentado bruto, é dicir, a remuneración de asalariados, os outros impostos menos as subvencións sobre a produción, a renda mixta neta, o excedente de explotación neto e o consumo de capital fixo.

| Empregos | Ramas de actividade | Resto do mundo | Gastos en consumo final | Formación bruta de capital | Total |
|---------------------------------------|--|----------------|-------------------------|----------------------------|-----------------------------|
| | (1) | (2) | (3) | (4) | (5) |
| Produtos (1) | Consumos intermedios por rama e actividade | Exportacións | Gasto en consumo final | Formación bruta de capital | Empregos totais por produto |
| Compoñentes do valor acrescentado (2) | Valor acrescentado por compoñente e rama de actividade | | | | |
| Total (3) | Insumos totais por rama de actividade | | | | |

Táboa 3 - Táboa de destino simplificada

A táboa de destino tamén pode denominarse táboa de empregos.

Compoñentes da táboa de destino por fila:

1. Consumos intermedios (outputs intermedios) por produto e rama de actividade
2. Consumo final dos residentes e non residentes
3. Consumo colectivo
4. Total Gasto en Consumo final: 2 + 3
5. Formación Bruta de Capital Fixo
6. Variación de existencias
7. Formación Bruta de Capital: 5 + 6
8. Exportacións
9. Total Demanda Final: 4 + 7 + 8
10. Empregos totais por produto = 1 + 9

Compoñentes da táboa de destino por fila:

1. Consumos intermedios (inputs intermedios) por produto e rama de actividade
2. Valor acrescentado por compoñente e rama de actividade
 - 2.1. Remuneración de asalariados
Soldos e salarios brutos
Cotizacións sociais
 - 2.2. Remuneración do capital
Renda mixta
Excedente neto de explotación
 - 2.3. Outros impostos netos de subvencións sobre a produción.
 - 2.3. Consumo de capital fixo (ou amortizacións)
3. Producción total por rama 1+2

3.1.3. Identidades das Táboas de Orixe e Destino

Existen dous tipos de identidades entre as táboas de orixe e as táboas de destino, unha por rama de actividade e outra por produto, supoñendo un mesmo sistema de valoración para a oferta e a demanda.

- a. A identidade por rama de actividade:

Producción total por rama de actividade (táboa de orixe) = Input total da mesma rama de actividade (táboa de destino) = Consumos intermedios + Valor acrescentado xerado en cada rama de actividade (táboa de destino).

b. A identidade por produto:

Oferta total por produto (táboa de orixe) = Empregos totais por produto (táboa de destino) = Consumos intermedios por produto e rama de actividade + Exportacións + Gasto en consumo final + Formación bruta de capital (táboa de destino). Estas identidades por rama de actividade e por produto pódense utilizar para comprobar e mellorar a coherencia e exhaustividade das estimacións.

3.1.4. Táboa Input-Output Simétrica

Tamén se pode combinar unha táboa de orixe e unha táboa de destino e presenta-las como unha soa táboa. Para o cal é preciso engadir dúas filas e unha columna á táboa de destino, para a produción e as importacións.

Unha táboa input-output simétrica condensa a orixe e o destino nunha soa táboa, é unha matriz produto por produto ou rama de actividade por rama de actividade na que se describen os procesos interiores de produción e as operacións de bens e servizos da economía con gran detalle. Polo tanto, nunha táboa input-output simétrica utilízase, tanto por filas como por columnas, ben unha clasificación por produto, ben unha clasificación por rama de actividade.

A maior parte da información estatística que se pode obter das unidades de produción indica o tipo de bens e servizos producidos/vendidos e, xeralmente cun menor grao de detalle, os produtos comprados ou utilizados. O formato das táboas de orixe e destino está deseñado para se adaptar a este tipo de información estatística (é dicir, rama de actividade por produto). Pola contra, non adoita estar dispoñíbel a información produto por produto ou rama de actividade por rama de actividade necesaria para as táboas input-output simétricas. Na práctica, a información disposta en forma de táboas de orixe e destino constitúe, polo tanto, un punto de partida para elaborar a información máis analítica das táboas Input-Output simétricas.

As táboas de orixe e destino e a táboa input-output simétrica proporcionan unha visión detallada da composición da orixe e do destino dos bens e servizos, así como do factor traballo e as rendas primarias correspondentes. As táboas e as ratios que se poden obter a partir delas, por exemplo as cifras de produtividade, constitúen un elemento importante da análise económica.

Na táboa de orixe os fluxos de bens e servizos valóranse a prezos básicos, mentres que na táboa de destino valóranse a prezos de adquisición. O valor acrecentado rexístrase a prezos básicos sendo o resultado neto de produción a prezos básicos menos os consumos intermedios a prezos de adquisición.

A táboa de destino pode conter tamén algunha información suplementaria: formación bruta de capital fixo, stocks de activos fixos e insumos de traballo por ramas de actividade.

| | Produtos | Resto do mundo | Gastos en consumo final | Formación bruta de capital | Total |
|-------------------------------|------------------------------|-----------------------|--------------------------------|-----------------------------------|--------------------------------|
| | (1) | (2) | (3) | (4) | (5) |
| Produtos | (1) Consumos intermedios | Exportacións | Gasto en consumo final | Formación bruta de capital | Empregos totais por produto |
| Compoñentes do valor engadido | (2) Valor acrecentado | | | | |
| Resto do mundo | (3) Importacións | | | | |
| Total | (4) Oferta total por produto | | | | Oferta total = empregos totais |

Táboa 4 - Táboa input-output simétrica.

As compras directas no estranxeiro dos residentes e as compras no territorio nacional dos non residentes estímense, normalmente, como un exercicio especial no proceso de recompilación estatística. Ambas partidas introdúcense como axustes das estimacións iniciais das importacións e as exportacións e, polo importe da parte correspondente ao consumo das compras no estranxeiro, do gasto en consumo final.

O paso da oferta e os empregos valorados a prezos básicos à oferta e os empregos valorados a prezos de adquisición consiste en:

1. Reasignar as marxes comerciais
2. Reasignar as marxes de transporte
3. Engadir os impostos sobre os produtos (excepto o IVE deducible)
4. Deducir as subvencións aos produtos

A estimación desta transformación é unha parte fundamental do proceso de equilibrio.

Por norma xeral, cando se preparan as táboas de orixe e destino e se realiza o equilibrio entre as dúas perspectivas, sempre se pode optar por aplicar a énfase nalgunha das dúas formas opostas de axustar os datos estatísticos:

- a. A oferta de cada produto a prezos básicos pode se axustar a unha valoración a prezos de adquisición
- b. Cada un dos empregos a prezos de adquisición pódese axustar a unha valoración a prezos básicos para equilíbralo coa oferta a prezos básicos

Na práctica, para elaborar unha táboa de orixe e destino é posíbel que se precise equilibrar os datos de acordo cos dous criterios. Ambas alternativas utilizan ou requiren o mesmo tipo de axustes, relativos aos impostos menos as subvencións sobre os produtos e ás marxes comerciais e de transporte por produtos. De facto, a primeira alternativa necesita da segunda, posto que normalmente na táboa de orixe non se poden coñecer as columnas de impostos sobre os produtos, subvencións aos produtos e marxes comerciais e de transporte desagregados por produtos, se non se coñece a distribución por empregos de cada produto a partir da táboa de destino a prezos de adquisición.

O paso da oferta e os empregos a prezos básicos á oferta e os empregos a prezos de adquisición realízase reasignando os marxes comerciais: a valoración a prezos básicos implica que as marxes comerciais rexístranse como parte do intercambio de produtos, mentres que a valoración a prezos de adquisición implica que as marxes comerciais se asignan aos produtos aos que corresponden. A situación é similar no caso das marxes de transporte.

Os impostos sobre a produción e as importacións divídense en:

1. Impostos sobre os produtos
2. Impostos do tipo valor engadido
3. Impostos e dereitos sobre as importacións
4. Impostos sobre os produtos, excluídos o IVE e os impostos sobre as importacións
5. Outros impostos sobre a produción

Faise unha distinción similar para as subvencións à produción e as importacións. As subvencións trátanse como se foran impostos negativos sobre a produción e as importacións. A oferta a prezos básicos inclúe os outros impostos netos sobre a produción (é dicir, menos as outras subvencións à produción). Para pasar de prezos básicos a prezos de adquisición, ou á inversa, deberán engadirse os diversos impostos sobre os produtos e deducirse as subvencións aos produtos, ou á inversa.

1. IVE pode ser deducible, non deducible ou, simplemente, non aplicable:
2. IVE deducible aplícase, normalmente, á maior parte dos consumos intermedios, á maior parte da formación bruta de capital fixo e á parte da variación de existencias
3. IVE non deducible aplícase, xeralmente, ao gasto en consumo final, a unha parte da formación bruta de capital fixo, a unha parte da variación de existencias e a unha parte dos consumos intermedios
4. IVE non se aplica, xeralmente, a:
5. As exportacións (polo menos as destinadas a terceiros países)
6. Os bens e servizos suxeitos ao tipo cero do IVE, calquera que sexa o seu emprego
7. Os produtores exentos da inscrición no rexistro do IVE (pequenos negocios, organizacións relixiosas, etc.).

No SEC o IVE rexístrase neto: toda a oferta valórase a prezos básicos, é dicir, sen incluír o IVE facturado; os consumos intermedios e os empregos finais rexístranse a prezos de adquisición, é dicir, excluído o IVE deducible.

3.2. MARCO INPUT OUTPUT NUNHA ANÁLISE SECTORIAL

O que levamos explicado até o momento debe ser aplicado na elaboración de táboas input- output para o conxunto dunha economía, mais cando se tratar dunha análise sectorial, débense destacar algunhas diferenzas. Na sectorial os cruzamentos ramas de actividade-productos onde se recollen os valores dos consumos intermedios, non se corresponderán nunha matriz cadrada (ou rectangular), senón do tipo que presentamos a continuación, onde a parte sombreada correspondería à información non recollida por estas Táboas.

| Productos | Ramas de actividade homoxénea 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, ..., n | Total D ^a Intermedia D.I. |
|------------------------|---|---|
| 1 | Consumos | A |
| 2 | Intermedios | |
| 3 | A prezos básicos | |
| 4 | Por produto | |
| 5 | | |
| . | | Suma A |
| . | | |
| N | | |
| C.I., a prezos básicos | | D.I. |

Táboa 5 - Representación da matriz de consumos intermedios nunha táboa input-output simétrica sectorial.

Na medida en que o noso estudo atende ao cómputo das relacións entre as ramas de actividade do complexo pesqueiro galego, atoparémonos nesta matriz nas columnas coas ramas de actividade: Pesca de baixura, Pesca de litoral, Pesca de altura (arrastre, palangre e outras artes), Pesca de grande altura (arrastre, palangre e outras artes), Miticultura e outros, Piscicultura Mariña, Marisqueo, Conserva e novos transformados e Depuración, que demandarán inputs intermedios procedentes dunha grande parte dos sectores produtores galegos. Doutra parte en filas atoparémonos cos destinos dos produtos destas ramas de actividade.

3.3. DEFINICIÓN DAS COMPOÑENTES DA TÁBOA INPUT- OUTPUT

3.3.1. Consumo Final dos Fogares

Inclúense dentro deste apartado os servizos de aluguer das vivendas, rendas en especies recibidas polos asalariados, bens de consumo duradeiro adquiridos polos fogares, outros conceptos que se inclúen no gasto en consumo final dos fogares que non son consumos intermedios nin formación de capital, como os gastos de mantemento e reparacións das vivendas e bens de consumo duradeiro. Exclúense as transferencias sociais en especie que sexan gastos realizados inicialmente polos fogares e reembolsados posteriormente pola Seguridade Social.

Tamén se exclúen aqueles gastos que realizan os fogares como unidades produtoras de bens e servizos sendo propietarios de empresas non constituídas en sociedade, a compra de activos non produtivos e as subscricións, cotas e pagamentos dos fogares ás institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF). No consumo final dos fogares incluímos o Consumo final interior dos residentes e o Consumo final interior dos non residentes.

3.3.2. Consumo Individual das Administracións Públicas e ISFLSF

O valor dos bens e servizos que producen as propias Administracións Públicas ou ISFLSF e que non constitúen nin vendas nin formación de capital. As adquisicións polas Administracións Públicas e ISFLSF de bens e servizos producidos polos produtores de mercado que subministran aos fogares sen ningunha transformación en concepto de transferencias sociais en especie, é dicir, limítanse a pagar polos bens e servizos que os vendedores subministran aos fogares. Os bens e servizos subministrados polas ISFLSF considéranse individuais. Os gastos en consumo final das Administracións Públicas poden ser individuais (educación, sanidade, asistencia social, servizos deportivos e culturais) ou colectivos (servizos públicos xerais, desenvolvemento de infraestruturas).

3.3.3. Gasto en Consumo Colectivo

Os servizos para consumo colectivo préstanse simultaneamente a todos os cidadáns dunha comunidade ou a unha parte desta e teñen as seguintes características: préstanse de forma simultánea a un conxunto amplo de fogares que forman parte da comunidade, a súa utilización non require previamente unha postura activa polos fogares, é dicir, sen o acordo específico dos fogares, e non existe rivalidade na súa adquisición por parte dos fogares porque a prestación do servizo a unha persoa non reduce a cantidade dispoñíbel para outros membros da mesma comunidade. Son servizos como xustiza, defensa ou orde pública.

3.3.4. Total Gasto en Consumo Final

É o conxunto de bens e servizos adquiridos polas unidades institucionais residentes para cubrir as necesidades individuais e colectivas das persoas. Para o conxunto da economía non existe diferenza entre o consumo final efectivo e o gasto en consumo final. Si existe diferenza ao comparar estes dous conceptos en cada sector.

3.3.5. Formación Bruta de Capital Fixo

É o conxunto de adquisicións menos as cesións de activos fixos realizadas polos produtores residentes durante un período dado, ao que se lle engaden os incrementos de valor dos activos non producidos derivados da actividade produtiva. Os activos fixos son materiais ou inmateriais e obtéñense a partir de procesos de reprodución e son utilizados de forma continua noutros procesos de produción durante máis dun ano. Son un aumento da FBCF dunha rama de actividade:

1. Adquisición de activos fixos novos ou existentes
2. Adquisición por medio de troco de activos fixos novos ou existentes
3. Adquisición por medio de arrendamento financeiro de activos fixos novos ou existentes
4. Activos fixos recibidos como transferencia de capital en especie
5. Grandes melloras de activos
6. Crecemento natural de activos cultivados de produción periódica
7. Activos fixos producidos e conservados para uso propio dos seus produtores

3.3.6. Variación de Existencias

Este concepto defínese medindo o valor das entradas de existencias e restar o valor das saídas, incluíndo nestas as perdas correntes producidas polo deterioro físico, roubos e outros danos. Non se inclúen as perdas extraordinarias. A variación de existencias débese valorar no momento das entradas en existencias para os bens que entran e no momento da saída dos bens que saen, o que significa que as entradas de existencias se valoran a prezos de adquisición e as saídas a prezos básicos.

3.3.7. Formación Bruta de Capital

É o resultado de sumar a formación bruta de capital fixo e a variación de existencias.

3.3.8. Exportacións ao Resto de España

Comprende o valor de venda de bens e servizos ao resto do Estado. Non inclúe o gasto realizado na Galiza polas familias non residentes, que aparece no Consumo final dos fogares que se consideran os valores interiores.

3.3.9. Exportacións ao Resto do Mundo

Inclúe o valor de venda de bens e servizos ao resto do mundo. Ao igual que no caso anterior, o gasto realizado na Galiza por familias non residentes aparece no Consumo dos fogares e non neste apartado polo mesmo motivo. Os fretes e seguros correspondentes a estas mercadorías, satisfeitos por empresas da Galiza figuran como Exportacións dos sectores pertinentes.

3.3.10. Total Exportacións

Refírese á suma das Exportacións ao resto do Estado e ao resto do mundo.

3.3.11. Total Demanda Final

Matematicamente equivale á suma dos elementos Total gasto en demanda intermedia, Formación Bruta de Capital e Total Exportacións.

3.3.12. Total Empregos

É a suma do total de Demanda intermedia e do total de Demanda final.

3.3.13. Impostos sobre os Produtos

Inclúe os seguintes conceptos:

- 1 Impostos do tipo valor acrescentado
- 2 Impostos e dereitos sobre as importacións, excluído o IVE (tarifa exterior común, dereitos compensatorios)
- 3 Impostos sobre os produtos, excluídos o IVE e os impostos sobre as importacións (Impostos especiais sobre as gasolinas, tabacos, alcohois, seguros; Impostos sobre transmisións e actos xurídicos documentados; Impostos sobre construcións, instalacións e obras, etc.

3.3.14. Subvencións aos Produtos

Son subvencións de tipo Feoga-garantía, FEMP, Axudas a empresas públicas como Renfe, Hunosa, Correos ou Empresas Municipais de Transporte.

3.3.15. Impostos Netos por Produto

Son os Impostos sobre os produtos menos as Subvencións aos produtos.

3.3.16. Soldos e Salarios Brutos

Comprende as remuneracións, monetarias e en especie, satisfeitas aos asalariados incluídas as taxas da Seguridade Social a cargo dos traballadores así como os Impostos sobre o rendemento do traballo persoal retidos polas empresas.

Entre as percepcións inclúense todos os conceptos retributivos monetarios de calquera índole (salarios base, horas extras, pagas extraordinarias, complementos...) e ademais as accións gratuítas distribuídas entre os asalariados se estes teñen dereito a elas, independentemente da obtención de beneficios e os pagamentos efectuados polos empregadores aos asalariados en concepto de planos de aforro.

Entre as remuneracións en especie contémpanse as subministradas gratuitamente ou a prezos reducidos aos asalariados para o seu consumo (produtos alimenticios, combustíbeis, aloxamento, vestimenta, etc.).

Non se inclúen os gastos dos empregadores que beneficien tanto a estes como aos seus asalariados, as compensacións pagadas aos asalariados pola compra de útiles, material ou roupa de traballo, gastos que se rexistran como consumo intermedio e as remuneracións que a empresa continua pagándolles temporalmente aos seus asalariados en caso de enfermidade, maternidade, invalidez, despedimento, etc.; gastos que se rexistran como cotizacións sociais ficticias.

3.3.17. Cotizacións Sociais a cargo do Empregador

Este concepto inclúe as cargas sociais reais satisfeitas polos empregadores e as cotizacións sociais ficticias. As primeiras comprenden o pagamento que os empregadores realizan a o seu cargo, en beneficio dos asalariados, a entidades aseguradoras xa sexan públicas ou privadas e os pagamentos obrigatorios ou voluntarios para cubrir riscos de enfermidade, baixas de maternidade, invalidez, velez, supervivencia, desemprego, accidente de traballo ou enfermidades profesionais.

As cotizacións sociais ficticias veñen a recoller as prestacións sociais realizadas polos empregadores aos seus asalariados directamente, é dicir, fóra do circuíto de cotizacións.

3.3.18. Remuneración dos Asalariados

Corresponde á suma dos Soldos e salarios Brutos e das Cotizacións sociais a cargo do empregador.

3.3.19. Outros Impostos á Producción

Inclúense neste apartado os Impostos de actividades económicas, Impostos sobre bens inmóbeis, Imposto vehículos de tracción mecánica, Cánones de vertidos, Licenzas, etc.

3.3.20. Outras Subvencións á Producción

Forman parte delas as Axudas para o Fomento do emprego, Bonificacións de intereses, Axudas por redución de contaminación, etc.

3.3.21. Outros Impostos Netos sobre a Producción

Son o resultado de restar os dous apartados anteriores: Outros impostos á produción menos Outras subvencións á produción.

3.3.22. Excedente de Explotación

É o excedente ou déficit das actividades de produción con anterioridade a considerar os intereses, as rendas da terra e os importes que a unidade de produción debe pagar sobre os activos financeiros ou os activos materiais non producidos que teñen en préstamo ou aluguer, e que debe cobrar sobre os activos financeiros ou os activos materiais non producidos dos que é propietaria. En resúmen, o Excedente de explotación corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus activos de produción.

O Excedente de explotación cando incorpora o Consumo de capital fixo denomínase Excedente bruto de explotación, mentres que cando non o incorpora aparece como Excedente neto de explotación.

3.3.23. Renda Mixta

No caso das empresas non constituídas en sociedades e pertencentes ao sector dos fogares, o saldo contábel da conta de explotación, contén implicitamente un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario e os membros da súa familia e que non se poden distinguir dos seus beneficios como empresario.

3.3.24. Valor Acrecentado Bruto

Esta conta analiza en que medida o valor acrecentado pode cubrir a remuneración dos asalariados e os outros impostos menos as subvencións sobre a produción.

Polo tanto o valor acrecentado bruto é o resultado de sumar as Remuneracións de Asalariados (Soldos e Salarios Brutos e Cotizacións a cargo do empregador) máis Outros impostos netos sobre a produción, e o Excedente bruto de explotación e a Renda mixta.

3.3.25. Consumo de Capital Fixo

Comprende o valor contábel da depreciación experimentada polo capital fixo durante o período considerado, como consecuencia do seu uso normal e a obsolescencia previsíbel. Inclúe unha provisión para perdas de bens de capital fixo como consecuencia de danos accidentais asegurábeis. Coincide polo tanto, co valor das amortizacións que teñen que efectuar as unidades produtivas para manter constante o seu capital fixo. A estimación realizouse a través da amortización contábel do inmovilizado material das empresas, ante a dificultade teórica e práctica de valorar a depreciación, a obsolescencia técnica, e o montante global de bens de capital.

3.3.26. Producción a Prezos Básicos

É a suma dos consumos intermedios máis o valor acrecentado bruto.

3.3.27. Importacións

Recolle o total das importacións de produtos equivalentes que se demanda do resto do Estado e do resto do Mundo, tanto no que se refire a demanda intermedia, como a demanda final.

3.3.28. Total Recursos a Prezos Básicos

Este apartado recolle a suma da produción a prezos básicos e as importacións.

3.4. CRITERIOS DE VALORACIÓN E TIPOS DE FLUXOS.

De acordo coas recomendacións internacionais e o sistema orixe/destino do que parte, a Táboa preséntase valorada a prezos básicos, valoración idónea cando se trata de utilizar as táboas como base para modelos de análise económica. Esta primeira Táboa simétrica desagregase, ademais, pola orixe dos fluxos, diferenciando os fluxos de orixe interior dos de orixe importada, información que resulta esencial para a utilización da Táboa en modelos de análise económica e que garda correspondencia co reparto de fluxos previamente estimado para a Táboa de destino de 2011.

| Prezos básicos | Prezos produtor | Prezos adquisición |
|---|--|---------------------------|
| Custo bens e servizos utilizados no proceso produtivo | Prezos básicos | Prezos adquisición |
| + | + | + |
| Remuneración factores de produción | Impostos sobre produtos excluído o IVE | Marxes de distribución |
| + | + | + |
| Outros impostos sobre a produción | Subvencións aos produtos | IVE que grava os produtos |

Táboa 6 - Esquema das diferenzas nos métodos de valoración.

Outras subvencións á produción

O SEC 95 establece diferentes modos de valoración, baixo o suposto de que produtores e usuarios dun ben ou servizo tenden a ter unha percepción diferente do valor en función do lugar que ocupan no mercado. Estas diferenzas virían dadas polas marxes de distribución (comercio e transportes) e os impostos menos as subvencións sobre os produtos.

O criterio de valoración que se prefire para a produción é o dos prezos básicos e non os dos prezos de produtor como facía a metodoloxía precedente. Mentres que para os consumos intermedios, consumo final e formación bruta de capital valóranse a prezos de adquisición. A continuación ofrecemos un esquema no que se recollen as diverxencias entre os citados criterios de valoración.

4. CRITERIOS METODOLÓXICOS DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT PESCA CONSERVA GALEGAS 2019

4.1. DIMENSIÓNS E CLASIFICACIÓN TÁBOAS INPUT-OUTPUT 2019

As dimensións coas que están definidas as Táboas tiveron en conta as recomendacións internacionais, as disponibilidades estatísticas e a necesidade de que as táboas servisen aos obxectivos de análise da realidade económica galega. As dimensións das Táboas responden a 83 grupos de produtos/83 ramas de actividade homoxéneas. Isto supón un nivel maior que o esixido polo EUROSTAT no regulamento SEC 1995 de obrigado cumprimento polos países europeos (mínimo 60 ramas e/ou grupos de produtos).

A clasificación utilizada está vinculada na Táboa simétrica, por razóns metodolóxicas, á do sistema das Táboas de orixe e destino e garda a adecuada correspondencia coas clasificacións estándar nacionais (CNAE09 para actividades e CPA08 para produtos) e europeas (NACE Rev. 2 e CPA, respectivamente). As correspondencias cos produtos e ramas das táboas de orixe e destino ofrécense máis adiante.

Na elaboración da Táboa Input-Output Pesca-Conserva galega 1995 levada a cabo polo Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais da Universidade de Santiago de Compostela, utilizouse a Clasificación Nacional de Actividades Económicas de 1993 (CNAE-93) que contén en dúas seccións as actividades económicas relacionadas co obxecto das Táboas: Sección B. Pesca: División 05. Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionadas coas mesmas. As subclases destas divisións aparecen nas publicacións que o Instituto Nacional de Estatística (INE) realiza en 1993. A parte correspondente á conserva aparece na Sección 15.2.

Esta Clasificación Nacional de Actividades Económicas é o resultado dun proceso de sucesivas modificacións e reformas da anterior CNAE-74 que contemplaba as actividades económicas categorizadas segundo outros criterios. Así, na Sección 061 desta anterior CNAE, a Pesca e piscicultura en mar comprendía as unidades (transcribimos de forma literal) “cuxa actividade exclusiva ou principal consiste na pesca con fins lucrativos de grande altura, altura, litoral, de baixura, en costas e estuarios, en almadrabas, etc. Incluída a actividade dos barcos factoría e das flotas de pesca que practican simultaneamente a pesca e a preparación e transformación de pescado”. Non se incluían neste grupo os buques-factoría que se dedicaban exclusivamente á transformación e preparación de pescado e que poidan considerarse separadamente.

Do ano 74 ao 93, vanse dando modificacións de menor importancia nos criterios das clasificacións no que ao noso sector atinxe, pero xa a partir do 93 comézase, no seo da Comunidade, a dar directrices contempladas en Regulamentos que van ser transcritas nas modificacións que se levan a cabo nas Clasificacións Nacionais de Actividades Económicas e de Produtos. Así, por exemplo, dende o Regulamento (CE) 3037/90 do Consello de 9 de outubro de 1990, relativo á Nomenclatura Estatística de Actividades Económicas na Comunidade Europea, na que figura a Sección B. Pesca, División 05, Grupo 05.0, Clase 05.01 Pesca, e a División 15, Grupo 15.2, Clase 15.20 onde aparece Fabricación de conservas de pescado e outros produtos marítimos, pásase ao Regulamento (CEE) 761/93 da Comisión de 24 de marzo de 1993 modificando o anterior no que o Grupo 15.2, Clase 15.20 introduce a modificación seguinte: 15.20 denomínase agora Elaboración e conservación de pescados e produtos a base de pescado.

Finalmente, o 31 de decembro de 1993, no DO L342 aparece o Regulamento (CEE) 3696/93 do Consello de 29 de outubro de 1993 onde a Sección B. Pescado contén a División 05. Pescado e outros produtos da pesca. Desta clasificación desaparece o pescado conxelado.

Pola súa parte, na sección D, División 15.2, o nome e o contido pasan a ser os seguintes: Pescado elaborado e en conserva e produtos do pescado.

O INE publica en marzo de 1996 a súa Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CNPA- 96), que reproduce o Regulamento comunitario.

Finalmente, débese contemplar a modificación do Regulamento último citado polo Regulamento (CE) 1231/98 da Comisión de 17 de xuño de 1998 que contempla a Sección B. Produtos da pesca, División 05. As consecuencias estatísticas, económicas e políticas destas modificacións son de enorme importancia xa que canto mais minorada apareza a división e as clases-subclases e/ou categorías nas que se reflecta a pesca extractiva detraendo da mesma toda a produción de pescado, crustáceos e moluscos conxelados, menor será a importancia atribuída en decisións de política económica pesqueira á pesca como conxunto. É grave, ao noso entender, a inclusión desta parte vital da nosa pesca nunha subcategoría da transformación industrial xa que a identifica cunha materia prima intercambiábel -as chamadas '*commodities*'- e non coa natureza de alimento que ten no noso mercado.

Finalmente a clasificación empregada nas Táboas input-output pesca-conserva galegas 1999, foi froito dunha clasificación funcional acaída as necesidades analíticas e de política económica pesqueira. Tomando como punto de partida a Clasificación Nacional de Actividades que transcribe o Regulamento (CEE) 3696/93 apoiámonos na posibilidade de agrupamentos máis globais que os de CPA do propio regulamento tal e como se contempla no artigo 3.2 xa que, recolleamos agrupamentos exactos de subcategorías, tal e como se indica a continuación. E, por outra banda, tomando como fonte a Nomenclatura Combinada observamos como no mesmo regulamento a correspondencias co Sistema Harmonizado e coa Nomenclatura Combinada son simétricos aos efectuados na nosa clasificación.

De calquera maneira o argumento fundamental baséase na necesidade de funcionalidade das clasificacións xa que non é recoñecíbel en economía pesqueira un produto conxelado (que equivale a pescado conxelado podendo agrupar moluscos e crustáceos) que non sexa desembarcado como conxelado: é dicir, o pescado conxelado conxélese no propio buque que o captura, sexa peixe, crustáceos ou molusco.

Con posterioridade a elaboración das TIOPC-99 a Comisión de Estatística das Nacións Unidas acordou iniciar un proceso de revisión das clasificacións motivado, entre outros factores, pola necesidade de reflectir axeitadamente a importancia do sector servizos na economía. En correspondencia Eurostat desenvolveu un proceso de revisión paralelo que deu lugar á adaptación destas clasificacións á realidade europea, resultando nunha nova clasificación de actividades económicas (NACE Rev.2) e unha nova clasificación de produtos (CPA-2008). A CNAE-2009 supón a adaptación española desta clasificación. As Táboas input-output pesca-conserva galegas 2019 e 2011 reflecten xa estas mudanzas, sen que se modifiquen os principios analíticos presentes nas anteriores táboas. Non obstante, ofrécese máis adiante o detalle dos cambios existentes respecto á publicación de 1999.

Produtos e ramas de actividade das TIOPC 2011, relativos ao sector pesca-conserva. Cada produto correspóndese unívoca e inseparabelmente cunha rama de actividade e defínese como segue:

Produtos:

| | |
|----------|--|
| TIOPP1.1 | Produtos da pesca: Baixura |
| TIOPP1.2 | Produtos da pesca: Litoral |
| TIOPP1.3 | Produtos da pesca: Altura |
| TIOPP1.4 | Produtos da pesca: Grande altura |
| TIOPP2.1 | Mexillón |
| TIOPP2.2 | Outros produtos acuícolas |
| TIOPP3 | Mariscos |
| TIOPP4 | Produtos procedentes da depuración |
| TIOPP8 | Conservas e transformados de pescado e marisco |

Ramas de actividade:

| | |
|----------|--------------------------|
| TIOPR1.1 | Pesca de baixura |
| TIOPR1.2 | Pesca de litoral |
| TIOPR1.3 | Pesca de altura |
| TIOPR1.4 | Pesca de grande altura |
| TIOPR2 | Miticultura e outros |
| TIOPR3 | Piscicultura mariña |
| TIOPR4 | Marisqueo |
| TIOPR5 | Conserva e transformados |
| TIOPR6 | Depuración |

Na presente edición introdúcese, como novidade, a rama de actividade **Depuración de moluscos**. Esta correspóndese coa produción desenvolvida nos **Centros de Depuración, Expedición e Cetáreas** relacionada co sometemento dos moluscos a distintos procedementos como unha corrente continua de auga limpa e desinfectada, a Ozono ou Luz ultravioleta co fin de eliminar o risco de que os bivalvos conteñan microorganismos potencialmente danosos para a saúde humana (FAO, 2010). A CNAE-2009 clasifica esta actividade no epígrafe 10.21 (Procesamento de Pescados, crustáceos e moluscos) e, en efecto, se trata dunha actividade de transformación dun produto para facelo comercializable, mesmo de transformación nun produto apto para o consumo naquelas zonas nas que en función da súa clasificación é obrigatoria a depuración do produto extraído. Dada a súa relevancia e rol específico no complexo mar-industria galego considerouse pertinente visibilizala esgallándoa respecto das restantes

actividades incluídas no epígrafe 10.2 (Procesado e conservación de pescados, crustáceos e moluscos) que se corresponden nas TIOPC-19 coa rama de actividade **Conservas e Transformados**. Estas últimas engloban tanto a produción da conserva, como de outros procesados de pescado (peixes, crustáceos e moluscos ou calquera outro recurso mariño) destinados ao mercado de consumo.

No caso das **Conservas**, identificadas co código 10.22 da CNAE-2009, recóllese o que podemos denominar conserva tradicional de produtos de orixe mariño, dende peixe (e restantes especies) até algas, xunto con outras presentacións menos frecuentes na nosa economía como salgazóns, salmoiras, afumados, etc. Pode incluír tamén produtos a base de peixe para a alimentación animal, se ben estas resultan unha fracción reducida da produción que, na súa meirande parte estaría formada por produtos para consumo humano a base de peixe, crustáceos, moluscos ou algas para alimentación humana sometidos a un proceso de esterilización en autoclave.

En canto aos **transformados**, clasificados co código 10.21 da CNAE-2009, están formados por produtos conxelados, ultraconxelados ou refrixerados de pescado, crustáceos, moluscos, algas mariñas ou outros recursos mariños. Non inclúe, por exemplo, a produción de pratos precociñados conxelados a base de pescado que a CNAE inclúe no epígrafe 10.85 (Elaboración de pratos e comidas preparadas).

As TIOPC non inclúen tampouco a actividade de comercio por xunto de pescados e mariscos. A ciencia económica tendeu a tratar a intermediación nos produtos como unha mera marxe sobre o valor orixinal, propia dunha labor que non muda a esencia do produto máis aló de poñelo á disposición dos consumidores. Sen embargo, a realidade amósanos que esta tarefa se acompaña en determinados casos de actividades de transformación e mesmo de extracción, de modo que na práctica, a fronteira entre produción primaria, secundaria e terciaria resulta desbordada pola dinámica empresarial. As limitacións existentes para medir rigorosamente a contribución económica das empresas maioristas con orixe especificamente en produtos mariños fixo que polo momento estas non foran incluídas nesta serie de estudos. Resulta así que a fracción da economía galega atribuíble directamente a explotación do mar non remata co recollido nestas Táboas, senón que chega aínda máis aló, constituíndo estas unha visión precisa do groso da actividade pero aínda limitada respecto da totalidade.

4.2. ETAPAS NA ELABORACIÓN DAS TÁBOAS INPUT-OUTPUT 2019

Os labores destinados á elaboración das TIOPC 2019 estendéronse de Novembro de 2019 a Decembro de 2021 e poden agruparse en 3 fases diferenciadas:

- a. Os traballos previos e básicos para a preparación e recollida de información.
- b. A recollida directa e indirecta de información, control do proceso e resolución de problemas na compilación.
- c. procesado da información, preparación das táboas, depuración dos datos e estimación das magnitudes.

Dentro desas 3 grandes fases, pódense diferenciar 8 etapas, que describimos brevemente a continuación e nas cales afondamos nos subepígrafes Definición do universo de estudo e diagnose información secundaria dispoñibles. a Elaboración das Táboas e redacción do informe final recollendo

procedementos e decisións metodolóxicas adoptadas., para por unha banda asegurar a interpretación fidedigna dos resultados e por outra ofrecer a posibilidade de ampliar a mostra ou estender o deseño deste proxecto de investigación e as súas aplicacións facendo comparables os datos; nun modelo de ciencia aberta e replicable. As 8 etapas do proceso de construción das TIOPC son:

1. Definición do universo de estudo e diagnose da información secundaria dispoñible
2. Construción dun censo das unidades de produción
3. Cálculo da mostra e adaptación dos cuestionarios.
4. Formación de inquiridores
5. Traballo de campo: realización enquisas, seguimento mostraxe e substitución non respostas
6. Análise e tratamento estatístico da mostra.
7. Elaboración das Táboas e redacción do informe final recollendo procedementos e decisións metodolóxicas adoptadas.
8. Redacción da metodoloxía, comprobacións e corrección de erros.

4.2.1. Definición do universo de estudo e diagnose información secundaria dispoñibles.

Na primeira etapa definiuse o universo de estudo e realizouse unha diagnose de fontes de información secundarias, derivándose dela a lista de ramas de actividade a ser incluídas nesta edición das Táboas. A definición de unidades de produción é o método ideal para acceder a información primaria ou secundaria sobre a estrutura de ingresos e custos das distintas unidades de produción.

O universo de estudo para esta edición das Táboas foi establecido como o conxunto de unidades de produción que desenvolven a súa actividade na Galiza e cuxa actividade principal durante o ano 2019, coincide coa clasificación CNAE ou non, queda abranguida en 6 subsectores produtivos: 1) Pesca extractiva, 2) Miticultura, 3) Elaboración de conservas e outros transformados de peixe destinados ao consumo humano, 4) Depuración de marisco, 5) Marisqueo a pé e 6) Piscicultura mariña. As fontes e procedementos empregados para construír cada un dos censos detállanse no Anexo 9.5.. A comercialización quedou fóra do universo de estudo por non dispoñibilidade de medios para efectuar esa análise.

Os sectores para os cales se recompilou información primaria a través de enquisas foron a pesca extractiva, miticultura, marisqueo a pé e depuración de moluscos. No caso da elaboración de conservas e transformados recorreuse a unha combinación de fontes primarias e secundarias. Para a piscicultura mariña, e dada a dificultade no acceso a informantes, foron empregadas fontes de información secundarias xunto con información proporcionada por expertos do sector. Para resolver cuestións concretas especialmente relacionadas cos consumos intermedios, realizáronse entrevistas a informantes chave para os subsectores da Conserva e Transformados, e Piscicultura Mariña.

Como primeira novidade con respecto a outras edicións das Táboas, as ramas de Pesca foron desagregadas en subestratos co fin de poder identificar diferenzas en función da arte empregada polas unidades de produción. A arte considerouse unha variable relacionada coa natureza da actividade económica das unidades de produción, neste caso embarcacións. Deste xeito, se nas Táboas de 2011 a rama relativa a Pesca dividíase en 5 estratos en función dos TRB das embarcacións, nesta edición, tanto as ramas de Pesca de Baixura, Litoral, Altura e Grande Altura teñen subestratos en función das artes empregadas. Desta maneira, os resultados serán representativos a nivel de subestrato. A estrutura de estratos aparece representada na Figura 5.

Como segunda grande novidade das Táboas, engadiuse o subsector da Depuración de moluscos. Na edición das TIOPC 2019 a depuración é considerada unha actividade de transformación, pola que o produto (marisco) obtido mediante o marisqueo, miticultura ou pesca é depurado transformándose nun produto apto para o consumo humano. Agás da actividade depuradora, as plantas de depuración e expedición funcionan como comercializadores, comprando o marisco, transportándoo e vendéndoo ao destinatario final.




Figura 5 - Diagrama conceptual da estrutura do sector pesqueiro extractivo galego adoptado para a elaboración das TIOPC 19.

En terceiro termo, mudamos a definición das unidades de produción marisqueira con respecto á edición das Táboas de 2011. Nesta edición, e co fin de evitar dobres contabilizacións, as unidades de produción limitáronse ás Agrupacións de mariscadoras ou Confrarías con actividade no marisqueo a pé. O marisqueo a flote e de recursos sometidos a plans de explotación específicos quedaron polo tanto recollidos dentro da pesca de baixura.

Os subestratos considerados dentro do complexo mar industria aparecen desagregados no epígrafe METODOLOXÍA PARA O DESEÑO DA MOSTRA.

Aínda que os seus usos e lista detallada recóllese no ANEXO 5: FONTES SECUNDARIAS UTILIZADAS., as principais fontes de información secundaria empregadas para a definición do universo de estudo foron a Enquisa Económica de Acuicultura e a Enquisa estrutural a empresas do INE, o Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia, os Plans de Explotación Marisqueira e datos de vendas nas lonxas galegas (disponibles en www.pescadegalicia.com), o Rexistro Sanitario de Empresas e Alimentos da Axencia

Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN en diante), os datos do Panel de Consumo alimentario do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI) e as Estatísticas de comercio exterior de bens de España e a UE (DATACOMEX).

4.2.2. Construción dun censo das unidades de produción

Na segunda etapa levouse a cabo a construción dun censo/directorio que abrangue de forma satisfactoria as unidades de produción en todas as ramas consideradas. Este traballo, tal e como viñera ocorrendo en anteriores edicións das Táboas, non estivo exento de dificultades.

Para comezar, non existe unha lista-base elaborada cos requisitos mínimos para ser considerada como un censo, como ser o suficientemente exhaustiva como para que facilite a identificación das unidades económicas pesqueiras. Só no estrato de baixura os buques coinciden coa empresa pesqueira. Así mesmo, a matrícula dun buque non identifica ningún dato relativo ás actividades económicas e, moito menos, o seu nome. Para a pesca, o censo de buques non está elaborado de acordo con criterios de explotación dunha actividade económica senón como medios de transporte. O censo dispoñible tampouco é actualizado regularmente seguindo cambios de titularidade e/ou despezamento.

Debemos engadir ademais a dificultade de orixe legal de que varias administracións públicas actúen sobre a flota e sobre empresas pertencentes á economía galega, pero con ámbito de actuación, tamaño e capturas moi distintas. A decisión empresarial de cambio de caladoiro para salvagardar rendibilidade económica, pode escurecer durante un ano enteiro a actividade dun conxelador e con ele parte importante dunha empresa de grande altura.

Polo que respecta a outras ramas de actividade da pesca, como é o caso da miticultura, tamén se entremesturan cuestións xurídico/legais con consideracións económicas de gran importancia. Así, por exemplo, pode non se dar concentración económica detectable con cambios de titularidade xurídica dunha empresa miticultora e, non obstante, existir vínculos que indican unicidade na xestión; co que o tamaño da explotación mexilloeira cambia de forma substancial. Aquí as dificultades iniciais tamén son de calidade das listas porque conteñen moitos erros que complican a identificación da persoa titular de explotación.

Sería desexábel que a existencia de censos das unidades de produción fose independente doutras listas, e que fosen renovadas e actualizadas de acordo cos cambios que a vida económica vai xerando: mudas nas persoas titulares, cambios no tamaño, innovacións e desaparicións.

Os censos de unidades de produción construíronse para o caso da miticultura e pesca extractiva en base a un censo de persoas titulares facilitada pola Consellería do Mar e complementada con información económica da Enquisa estrutural ás empresas do INE.

No caso do marisqueo a pé, o censo elaborouse en base á información sobre Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras dispoñible no portal web da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e complementándoo con información dispoñible en Pesca de Galicia e nos portais das distintas Confrarías.

Para as empresas conserveiras, o censo construíuse en base á Enquisa Estructural a Empresas do INE, cruzándoo con datos do Rexistro de AECOSAN.

Para as empresas de depuración, o censo foi construído en base á información de AECOSAN e da lista de entidades asociadas dunha das asociacións de depuradoras de moluscos máis importantes da Galiza, AGADE, e grazas ao contacto con persoal da mesma, que axudou ao completado da lista de empresas depuradoras e dado que os sistemas de clasificación en base ao CNAE non ofrecían a posibilidade de discriminar as empresas de depuración de moluscos doutras transformadoras e procesadoras de peixe.

No caso das empresas de piscicultura mariña, o censo elaborouse de acordo aos datos da Enquisa de Acuicultura e cruzándoo con información obtida de fontes primarias sobre o sector dentro do equipo de ECOPESCA. Máis información sobre as fontes primarias dispoñibles figura na sección 9.5. do Anexo.

Por último cómpre mencionar que nesta edición 2019, as dificultades asociadas á aplicación das novas regulamentacións en materia de protección de datos persoais, supuxeron unha traba no acceso en tempo e forma aos contactos das persoas titulares das empresas e entidades a enquisar, supoñendo un condicionante máis en canto ás posibilidades de inicio do traballo de campo.

4.2.3. Cálculo da mostra e adaptación dos cuestionarios.

Para os 4 subsectores da pesca extractiva, miticultura, marisqueo a pé e depuración levouse a cabo un cálculo de mostraxe aleatoria estratificada por asignación óptima determinando un tamaño mínimo de mostra e un erro máximo do 8%. Esta técnica caracterízase por:

1. Dividir unha poboación de unidades nun determinado número de subpoboacións denominadas 'estratos'. Cada un dos estratos está composto por unidades mostrais. Estas deben ser o máis homoxéneas posibles en relación cunha característica relevante para o obxecto de estudo e o máis diferentes posibles respecto a outros estratos. Cada unidade pertence a só un dos estratos.
2. Seleccionar unha mostra probabilística de cada un dos estratos que asegure a representatividade do total do estrato, e subsecuentemente, do total do subsector, tomando o menor número de mostraxas posibles. Nesta edición das TIOPC os censos obtidos contaban, a nivel de unidades mostrais, con información que permitía a clasificación de cada unha das unidades de produción en estratos claramente diferenciados.
3. A mostraxe aleatoria estratificada por asignación óptima selecciona un número óptimo de mostraxas en función da variabilidade do estrato ou subestrato para os cales se estea calculando o tamaño mostraxal necesario para satisfacer as condicións previamente especificadas.

No caso da piscicultura mariña, non foi calculada unha mostra propiamente, senón que dada a experiencia noutros anos e a dificultade de acceder a informantes das principais empresas do sector na Galiza, contactáronse as principais empresas. Ante a negativa das diferentes empresas relevantes no sector a responder á enquisa, o que implicou a subsecuente invalidación da representatividade da mostra,

decidiuse construír a Táboa en base a información secundaria. Esta información está constituída por estimacións aportadas por expertos no campo e información da Enquisa Nacional da Acuicultura 2019.

Como seguinte paso na preparación do instrumento de recollida de información, esta etapa incluíu tarefas de adaptación e homoxeneización dos cuestionarios empregados na edición 2011, e a adaptación do seu formato para incluír a modalidade en liña na recollida de información de enquisa. Preparáronse ademais un cuestionario novo de consumos intermedios para o sector conserveiro e transformador e outro cuestionario completo e específico para o sector da depuración de moluscos. Para a recollida en liña de información escolleuse o xestor de enquisas en liña Limesurvey.

Esta plataforma de xestión de enquisas adoptouse debido a que se trata dunha ferramenta de software libre, que ofrecía a posibilidade de realizar a enquisa sen conexión, pausar e continuar o completado da enquisa, facilitando o completado da mesma a través de teléfonos móbiles permitindo formatos de preguntas de matriz sen límite de columnas e filas, cun peso importante nos cuestionarios destas Táboas.

Dada a extensión do cuestionario e o tamaño das mostras, o modo preferente para a realización da enquisa foi o presencial, toda vez que a probabilidade de resposta medra con este formato. Os cuestionarios poden consultarse no ANEXO 4 – CUESTIONARIOS.

Efectivamente, as enquisas para os subsectores da pesca extractiva, miticultura, depuración e marisqueo a pé foron cubertas case na súa totalidade de xeito presencial e ao longo de toda a costa galega. Nos casos da conserva o completado das enquisas foi en liña, a través do envío dos cuestionarios mediante correo electrónico. Como foi apuntado, para a piscicultura mariña utilizáronse predominantemente datos secundarios. Máis información sobre os datos obtidos e a información utilizada para elaborar as matrices correspondentes ao sector acuícola está dispoñible na sección .

4.2.4. Conformación equipo enquisador

A extensión das enquisas, o grao de detalle requirido e, consecuentemente, a necesidade de seren realizadas de xeito presencial provoca a necesidade de contar cun equipo enquisador con experiencia e coñecemento específico sobre o sector pesqueiro-conserveiro galego e as ferramentas e modalidades de recollida de información.

Este feito e a dispersión xeográfica da mostra fixeron que o recrutamento do equipo de persoas enquisadoras fora feita entre contactos do sector e antigos alumnos, entre outros do Curso de Especialización en Economía Pesqueira, organizado por ECOPECA baixo o patrocinio da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, residentes nos distintos puntos da costa galega onde se recolleu información. Formouse un equipo de 8 persoas que cubrían as grandes áreas do Cantábrico e Rías Altas, Baixo Miño, Barbanza, Salnés, e Vigo-Morrazo.

O específico da metodoloxía, levou a que todo o equipo recibira unha formación ad-hoc o 10 de xuño de 2020 e se establecesen ferramentas de mensaxería para a resolución de dúbidas en tempo real entre

o Equipo de Investigadores de ECOPESCA e o equipo enquisador. Dúas persoas membro do equipo de ECOPESCA formaron parte do equipo enquisador, e as outras 6 foron recrutadas externamente.

4.2.5. Traballo de campo: realización enquisas, seguimento mostraxe e substitución non respostas

Aínda que o equipo de persoas enquisadoras foron seleccionadas con anterioridade, as limitacións á mobilidade resultantes dos confinamentos e distintas restricións derivadas da pandemia COVID-19 retrasaron o inicio do traballo de campo até o mes de xuño de 2020 e dilatárono no tempo. O traballo de campo desenvolveuse entre xuño de 2020 e maio de 2021 e a súa planificación temporal viuse afectada polas restricións á mobilidade impostas unha vez decaeron os confinamentos e tamén polos impactos no sector.

O seguimento do completado das mostras foi realizado semanalmente por parte do equipo de ECOPESCA e empregando follas de cálculo editables. A mostra dividiuse, de xeito acordado entre as persoas enquisadoras, e segundo o seu lugar de residencia e dispoñibilidade temporal. As non respostas débéronse fundamentalmente á falta de actualización do censo de unidades de produción facilitado pola Consellería do Mar, e en segundo termo á falta de dispoñibilidade de tempo das persoas titulares das unidades a ser enquisadas, que alegaban en certos casos saturación debido ao elevado número de enquisas que están obrigados a contestar. O feito de non ser a enquisa das TIOPC de obrigada resposta, nun contexto pandémico e onde as persoas titulares se vén obrigadas a responder anualmente a máis dunha enquisa económica, incrementou a dificultade para obter respostas, e dilatou no tempo o traballo de campo no tempo.

A substitución das non respostas realizouse a demanda das distintas persoas enquisadoras e sen facer variar as características da mostra orixinal tendo como criterio minimizar os desprazamentos até o lugar de realización da enquisa.

4.2.6. Análise e tratamento estatístico dos resultados.

As enquisas foron sometidas ao tratamento estatístico adecuado para rematar dando imaxe da totalidade do valor poboacional. Para asegurar a homoxeneidade dos datos recollidos, preparouse unha guía metodolóxica específica e se realizaron revisións no momento de entrega dos cuestionarios por parte das persoas enquisadoras. Unha vez completadas as mostras ou esgotadas as unidades de produción substitutas dispoñibles nos censos, realizáronse análises descritivas dos datos, elimináronse outliers seguindo distintos criterios que se detallan no epígrafe 3.2.9.

4.2.7. Elaboración das Táboas e redacción do informe final recollendo procedementos e decisións metodolóxicas adoptadas.

Estas dúas etapas solapáronse no tempo. Nelas dimos remate ao obxecto deste estudo, que levou á elaboración das Táboas recollidas na Sección 6.

4.3. METODOLOXÍA PARA O DESEÑO DA MOSTRA

Esta sección abrangue os aspectos máis relevantes no deseño experimental da mostraxe realizada nesta edición dos TIOPC para o complexo industrial pesqueiro galego. Un deseño de mostraxe óptimo permitiu determinar o tamaño da mostra para minimizar o custo da investigación maximizando a fiabilidade dos resultados. O proceso de deseño de mostraxe tamén axudará a asignar unha proporción do total de mostraxs a cada un dos estratos que conforman o sector pesqueiro galego.

Neste traballo consideramos que o sector pesqueiro galego está formado por 6 subsectores produtivos: i) A pesca extractiva; ii) Miticultura; iii) Marisqueo a pé iv) Depuración de moluscos; v) Piscicultura mariña e; vi) Conservas e transformados. Durante o presente estudo, cada un dos sectores presenta un cuestionario claramente diferenciado. A información de interese para cada un dos subsectores pesqueiros obtívose dun xeito diferente; podendo identificar, principalmente, dous grupos de sectores dependendo da fonte de información empregada ao longo da investigación. Por unha banda, os sectores para os que se obtivo a información mediante enquisas (pesca extractiva, miticultura, marisqueo e plantas depuradoras); e, por outra banda, os casos nos que a información se extraeu dunha combinación de enquisas con estatísticas oficiais de organizacións públicas, censos e pequenas entrevistas (empresas destinadas á fabricación de conservas e transformados).

Así, a mostra para a edición 2019 das Táboas foi calculada seguindo un procedemento estratificado aleatorio para 4 subsectores, representados na Figura 2 abaixo: a pesca extractiva, o marisqueo a pé, a miticultura e a depuración de moluscos. O tamaño total da mostra calculada foi de 317 unidades de produción pertencentes a eses 4 subsectores.

Para o caso da Conserva e transformados e a Piscicultura Mariña non se calculou unha mostra seguindo o mesmo procedemento que para os restantes 4 subsectores. Na conserva e transformados, elaborouse un censo e enviáronse convites á totalidade das empresas incluídas nel. Para o caso da piscicultura mariña, enviáronse convites ás principais empresas, pero diante das non respostas reiteradas, decidiuse optar polo emprego de fontes de información secundarias para a totalidade do sector, polo que non se calculou unha mostra propiamente.

A continuación explícase en detalle e para os diferentes subsectores as metodoloxías empregadas na selección das unidades de produción a enquisar ou no seu defecto as fontes de información e principais cálculos realizados.



Figura 6 - Deseño mostrax. Estrutura dos sectores, estratos e subestratos considerados para o sector pesqueiro e da conserva galegas na edición das Táboas input-output 2019.

4.3.1. Pesca extractiva

A poboación estudada está constituída por cada un dos barcos que conforman a flota pesqueira galega, sen discriminar entre tamaño de barco, tecnoloxía pesqueira, tonelaxe, potencia, tipo de empresa ou outro criterio. O censo foi elaborado a partir dos datos proporcionados pola Secretaría Xeral do Mar, organismo dependente da Xunta de Galicia, o cal propón e executa as directrices xerais do goberno en materias relacionadas coa pesca e medio mariño. Outra información relevante para a elaboración do censo foi obtida a través de confrarías, asociacións profesionais, organizacións de produtores pesqueiros (OPPs) e agrupacións sectoriais dos subsectores pesqueiros galegos.

Neste traballo, definimos Empresa pesqueira como aquela unidade de produción con entidade económica propia. De aí que formen a poboación estudada dende as empresas pesqueiras con titularidade sobre una barca de pesca tripulada polo seu dono como traballador autónomo até as empresas pesqueiras S.A. armando buques de grande tonelaxe e un número elevado de tripulantes en nómina.

O directorio elaborado contiña un total de 4,334 buques. Este dividiuse en 4 grandes grupos (estratos), nos cales se clasificaron os buques en función da súa tonelaxe de rexistro bruto (TRB). A variable elixida para realizar a estratificación (TRB) foi seleccionada debido a que é a variable que mellor representaba as diferenzas entre estratos (García Negro, 2016). Os estratos definidos foron:

Estrato 1: Pesca baixura (0-40 TRBs). Buques que realizan pesca do día, na que predominan os mecanismos de pesca artesanais e outras modalidades como o marisqueo a flote.

Estrato 2: Pesca de litoral (40.01 - 100 TRBs). Empresas que principalmente realizan capturas de pescado para a súa posterior venda en fresco. A estrutura das capturas atende principalmente a especies atrapadas fóra das rías, no litoral costeiro. Ao tempo, este estrato foi dividido en subestratos en función da arte de pesca utilizada. Así, os barcos que realizan actividade pesqueira litoral dividíronse en: i) palangreiros; ii) cerqueiros e; iii) outras artes (principalmente enmalle).

Estrato 3: Pesca de altura (100.01 - 250 TRBs). Pesca de tipo industrial que procede principalmente de caladoiros internacionais como o Gran Sol ou o Banco Canario-Sahariano. Este estrato foi dividido en subestratos en función das artes de pesca utilizadas, clasificando cada unidade mostral como barcos palangreiros, arrastreiros e con outras artes de pesca (cerco, enmalle...).

Estrato 4: Pesca de grande altura (> 250 TRBs). Trátase de barcos de gran tonelaxe que faenan en caladoiros internacionais principalmente en busca de atún, pescada e bacallau e que empregan unha grande variedade de artes de pesca. As artes principais que caracterizan o estrato de gran altura foron arrastre e palangre.

Como se pode observar na Figura 7, consideramos que estes 4 grupos dividen a poboación en grupos heteroxéneos entre si.




Figura 7 - Distribución da mostra de pesca extractiva por subestratos.

Para a realización da mostraxe, fixouse un erro de estimación do 8 % para un nivel de confianza do 95 %, e determinouse un tamaño total da mostra para o subsector de buques de pesca de 110 unidades mediante a seguinte fórmula:

$$n_E = \frac{N_{tot} Z^2 P(1 - P)}{e^2(N_{tot} - 1) + Z^2 P(1 - P)}$$

Onde n_E representa o número de mostrais para cada un dos subestratos, N_{tot} o número total de unidades mostrais que compoñen a poboación, P a proporción que pretendemos atinxir no total da poboación e, finalmente, e o erro fixado.

Determinouse o tamaño mostral en cada un dos estratos mediante o método de Neyman tomando como tamaño mínimo da mostra 20 enquisas. O mecanismo de mostraxe óptimo de Neyman fixa automaticamente o tamaño da mostra en función da heteroxeneidade do estrato. A Táboa 7 amosa a estrutura dos estratos para o sector pesqueiro extractivo galego.

| Estrato | n | Medida TRC | sd. (σ) | min. | max. |
|---------------|-------|------------|------------------|--------|---------|
| Baixura | 3.953 | 2,639 | 4,496 | 0,4 | 39,27 |
| Litoral | 92 | 62,926 | 16,297 | 40,21 | 97,6 |
| Altura | 139 | 192,319 | 40,789 | 100,77 | 248,48 |
| Grande Altura | 148 | 547,135 | 399,002 | 252,00 | 2.082,0 |

Táboa 7 - Estrutura dos estratos seleccionados para o sector da pesca extractiva galega

Cómpre destacar que o erro fixado no 8% corresponde ao subsector completo da pesca extractiva. Porén, a información proporcionada por estratos (litoral, baixura, altura e grande altura) ten asociado un erro máis elevado, como reflicte a Táboa 8.

| Estrato | Subestrato | Tamaño da poboación | n Proposto | Tamaño da mostra | Erro (90%) | Erro Inicial |
|---------------|------------|---------------------|------------|------------------|------------|--------------|
| Baixura | | 3.953 | 24 | 26 | 13,93 | 16,26 |
| Litoral | | 92 | 24 | 19 | 14,64 | 15,20 |
| | Palangre | 9 | 9 | 5 | 22,53 | 0 |
| | Cerco | 64 | - | 11 | 19,70 | - |
| | Outros | 19 | 14 | 3 | 38,77 | 22,59 |
| Altura | | 139 | 26 | 30 | 11,56 | 14,38 |
| | Palangre | 83 | 17 | 20 | 13,96 | 20,05 |
| | Arrastre | 45 | 6 | 9 | 21,48 | 35,42 |
| | Outros | 11 | 3 | 1 | 71,23 | 47,59 |
| Grande Altura | | 148 | 50 | 48 | 8,48 | 8,20 |
| | Arrastre | 63 | - | 11 | 19,67 | - |
| | Palangre | 85 | - | 37 | 8,5 | - |

Táboa 8 - Características e erros na mostra inicial para os distintos estratos e subestratos considerados para a pesca extractiva.

Unha vez determinado o tamaño mostral, a mostra foi seleccionada mediante o paquete 'SamplingUtil' a través da súa función 'sys.sample' dispoñible para o software R. Determináronse mostras aleatorias simples independentes para cada un dos estratos e subestratos. Tamén se seleccionaron un número de unidades de produción substitutas para os casos de non resposta para as unidades de produción incluídas na mostra orixinal.

4.3.2. Miticultura

No caso da miticultura os estratos foron confeccionados en función do número de bateas dos que é titular cada persoa propietaria e corrixidos en base á realidade na xestión das explotacións, coincida ou non coa titular. Este criterio é utilizado dende a versión do ano 1999 das Táboas Input- Output da pesca e y conserva Galega. Os estratos considerados foron:

Estrato 1 (1 - 2 Bateas): Explotacións de tipo familiar propietarias dunha ou dúas bateas. O traballo é realizado pola mesma persoa titular da explotación e axudada por persoas da familia de xeito puntual. Soen dispor dunha pequena embarcación.

Estrato 2 (3 - 9 Bateas): Conviven explotacións familiares de maior dimensión que normalmente non posúen máis de catro ou cinco bateas. Este estrato comprende tamén por sociedades limitadas e anónimas.

Estrato 3 (10 - 89 Bateas): Constituído principalmente por sociedades cun alto grado de organización na explotación das bateas.

Estrato 4 (> 89 Bateas): Este estrato está constituído por unha soa empresa.

Como recolle tamén na edición anterior das Táboas input-output, o asociacionismo, acordos privados ou as redes de parentesco favorecen a concentración da estrutura produtiva. Así, as persoas titulares das bateas chegan a unir os intereses económico-empresariais para xerar unidades de produción máis amplas cunha dimensión e funcionamento interno similar ao doutras organizacións empresariais consolidadas.




Figura 8 - Estructura dos estratos seleccionados para o sector miticultor galego.

Ao igual que no resto de subsectores, consideramos que os estratos do subsector miticultor galego crea grupos heteroxéneos entre si mantendo certas características comúns dentro de cada estrato (Táboa 9). A recolle a estrutura do sector miticultor galego.

| Estrato | Medida | sd | min. | max. | n. |
|-----------|--------|--------|------|------|-------|
| Estrato 1 | 1,278 | 0,4486 | 1 | 2 | 1.639 |
| Estrato 2 | 3,685 | 1,1695 | 3 | 9 | 279 |
| Estrato 3 | 15,808 | 8,6903 | 10 | 50 | 26 |
| Estrato 4 | 90,0 | - | 90 | 90 | 1 |

Táboa 9 - Estructura dos estratos seleccionados para o sector miticultor galego.

Ao igual que no resto de subsectores, fixouse un erro de estimación do 8% e un nivel de confianza do 95 %. Baixo estas condicións, o tamaño óptimo da submostra era de 110 titulares de bateas. Estableceuse unha mostraxe óptima de Neyman, xa descrita no subepígrafe anterior. A recolle a heteroxeneidade entre estratos e interna a cada un dos mesmos. A Táboa 10 amosa en detalle os erros e número de reemprazos para cada subestrato.

| Estrato | Tamaño da poboación | Tamaño da mostra | Erro (%) |
|--------------|---------------------|------------------|----------|
| 1-2 Bateas | 1.639 | 62 | 8,886 |
| 3-9 Bateas | 279 | 28 | 12,321 |
| 10-89 Bateas | 26 | 19 | 2,736 |
| > 89 Bateas | 1 | 1 | 0,000 |

Táboa 10 - Características e erros para os distintos estratos e subestratos considerados para o sector miticultor

Unha vez determinado o tamaño mostral, a selección da mostra realizouse utilizando o paquete dispoñible para o software estatístico R, *'SamplingUtil'*. De igual xeito que para o sector de la pesca extractiva, determináronse mostras aleatorias simples independentes para cada un dos estratos e subestratos. Ó mesmo tempo, foise seleccionado para cada un deles unha mostra de substitutas no caso de substitución por non localización ou non resposta.

4.3.3. Marisqueo a pé

De acordo coa Lei de Pesca de Galicia 11/200 do 3 de decembro, enténdese por marisqueo o exercicio de toda actividade extractiva (desenvolvida pé ou dende embarcación) con artes selectivas e específicas para a captura dunha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños con fins de comercialización. Nas TIOPC, o estrato analizado está constituído só por Agrupacións de mariscadoras a pé ou, no seu defecto, por Confrarías de pescadores, clasificando durante o presente traballo as embarcacións que practican o marisqueo a flote como parte del sector de pesca de baixura artes menores.

As Confrarías de pescadores son corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas. Constitúen tamén órganos de consulta e colaboración ca Administración na promoción do sector pesqueiro e representan os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores da pesca. Como especifica o Artigo 4 da Lei de Pesca de Galicia 09/1993 do 8 de Xulio, as Confrarías poden desenvolver actividades propias de organización e comercialización de produtos da pesca, marisqueo e acuicultura. Dentro deste contexto de organización das confrarías, e para o caso do marisqueo a pé, as Agrupacións de mariscadoras aparecen como unha figura que busca intereses comúns en torno á actividade marisqueira, participando, organizada e activamente, na co-xestión dos recursos marisqueiros sobre os que teñen concesión de explotación. Nese sentido, o artigo 4 da Lei de Pesca de Galicia 09/1993 do 8 de Xulio, especifica e reconece os termos nos que as Agrupacións de mariscadoras poden ser constituídas.



Figura 9 - Distribución espacial das agrupacións de mariscadoras existentes en Galicia.

As Agrupacións e no seu defecto as Confrarías estruturan a actividade do marisqueo a pé porque: i) no seu seo organizan as tarefas marisqueiras; ii) réxense por un plan de explotación común para todas as persoas membro da organización e vense limitadas; iii) por uns volumes máximos anuais de capturas que dan conta da existencia dunha actividade profesional. Nun senso estritamente económico, estas unidades son agrupables xa que comparten, baixo o amparo da regulamentación vixente, un volume anual de capturas, artes a empregar, o estado do recurso a xestionar, incluíndo a limpeza, sanidade e seguridade. A través das Agrupacións, tómanse tamén decisións relativas aos ingresos brutos das persoas membro da agrupación. As cotas son repartidas de forma igualitaria a nivel das persoas membro. Destas escollas derivarán as posibilidades de realizar outros usos, investimentos que redunden na mellora do recurso e modernización do sector en xeral.

A afiliación ás Confrarías de pescadores e, subsecuentemente, ás Agrupacións de mariscadoras é libre e o seu ámbito territorial un tanto abstracto, estando determinado polos estatutos da Confraría. O ámbito territorial determinado orixinariamente pola Confraría non impedirá que poidan existir acordos de explotación mediante os cales a sección de organización da produción (por exemplo, as Agrupacións de mariscadoras), poidan estender as súas actividades fora do territorio propio da Confraría.

O tamaño da mostra para o marisqueo a pé foi de 36 Agrupacións ou Confrarías, das 51 do universo. A Información sobre Agrupacións e Confrarías foi obtida da páxina da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e dos datos sobre vendas en lonxas dispoñibles en Pesca de Galicia. A Figura 9 mostra a distribución espacial das Agrupacións de mariscadoras existentes na Galiza.

Como foi apuntado en apartados anteriores, o método de mostraxe foi aleatorio estratificado e levouse a cabo unha asignación proporcional do tamaño das submostras en función da composición estrutural do sector. Identificáronse así catro estratos principais en función da facturación anual da Agrupación ou Confraría. A información sobre a facturación anual das Confrarías foi obtida na plataforma Pesca de Galicia.

Estrato 1: Agrupacións cunha facturación anual <100,000 euros.

Estrato 2: Agrupacións cunha facturación anual de entre 100.001 e 1,000,000 euros.

Estrato 3: Agrupacións cunha facturación anual de entre 1,000,001 e 4,790,000 euros.

Estrato 4: Agrupacións cunha facturación anual superior a 4,790,000 euros.




Figura 10 - Distribución da mostra para o marisqueo por estratos

Con esta clasificación, consideramos que a clasificación en estratos dividen a poboación en grupos heteroxéneos con características comúns dentro de cada un dos estratos (Figura 10). A estrutura dos estratos nos que se descompón a mostra para o sector marisqueiro pode observarse na Táboa 11.

| Estrato | medida | sd. | min. | max. |
|-----------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <100.000 | 34.683 | 25.628 | 895 | 83.483 |
| 100.001 – 1.000.000 | 413.228 | 228.877 | 116.637 | 742.946 |
| 1.000,001 – 4,790.000 | 1.908,437 | 683.446 | 1.082.855 | 3.275.866 |
| >4.790.000 | 6.897.277 | 3.049.342 | 4.790.410 | 12.858.961 |

Táboa 11 - Estrutura dos estratos da mostra para o sector marisqueiro galego.

Ao igual que nos anteriores subsectores, o erro de estimación fixado foi do 8% cun nivel de confianza do 95 %. Con estas condicións, determinouse un tamaño mostral de 36 unidades de produción. A Táboa 12 recolle os tamaños de mostra correspondentes a cada un dos estratos do sector marisqueiro.

| Estrato | Tamaño da poboación | Tamaño da mostra | Erro (%) |
|-----------------------|---------------------|------------------|----------|
| <100.000 | 13 | 10 | 13 |
| 100.001 – 1.000.000 | 19 | 14 | 19 |
| 1.000.001 – 4,.90.000 | 13 | 10 | 13 |
| >4.790.000 | 6 | 5 | 6 |

Táboa 12 - Estratificación e características da mostra para o sector marisqueiro galego.

Determinouse unha mostra aleatoria simple para cada estrato e independente da xerada por calquera outro estrato. Seleccionáronse tamén 9 unidades de produción como reemprazo (3 para cada un) nos casos de non localización ou non resposta.

4.3.4. Depuración de moluscos

Como foi exposto en apartados previos, na presente edición das Táboas input-output incluíronse como novidade os Centros de depuración de moluscos, expedición e cetarias. Estes centros son lugares nos cales os moluscos bivalvos son sometidos a un proceso de depuración con auga de mar co fin de eliminar calquera toxina ou contaminante microbiano prexudicial para a saúde humana. A depuración é un proceso que consiste en manter os moluscos vivos en tanques de auga limpa de mar nunhas condicións que maximicen a súa actividade natural de filtración, favorecendo a separación dos contaminantes expulsados e evitando unha recontaminación.

En total, na Galiza, localizáronse un total de 86 empresas cuxa actividade principal é a depuración de moluscos bivalvos. Para construír o censo empregáronse datos do Rexistro Sanitario (AECOSAN) e información aportada pola Asociación Galega de Depuradores de Moluscos (AGADE).




Figura 11 - Distribución da mostra para a depuración de moluscos por estratos.

O conglomerado galego de centros de depuración de moluscos bivalvos foi dividido en 3 estratos en función dos ingresos de explotación. A distribución da mostra por estrato en función dos ingresos de explotación pódese observar na Figura 11, sendo os estratos establecidos os seguintes:

Estrato 1: Ingresos anuais de <1.000.000 de euros.

Estrato 2: Ingresos anuais de entre 1.000.000 - 10.000.000 de euros.

Estrato 3: Ingresos anuais de >10.000.000 de euros.

Considérase que as empresas pertencentes a cada un destes grupos comparten características comúns entre si e que as diferencia entre categorías. A estrutura do sector das plantas de depuración galegas recóllese na Táboa 13.

| Estrato | Medida | sd | min. | max. |
|-----------|-----------|-----------|----------|------------|
| Estrato 1 | 1.216.401 | 4.303.735 | 66,65 | 23.578.045 |
| Estrato 2 | 937.715 | 1.446.832 | 1.471,8 | 6.178.599 |
| Estrato 3 | 2.791.580 | 4.382.247 | 1.655,66 | 13.113.965 |

Táboa 13 - Estrutura dos estratos da mostra para o sector da depuración de moluscos galego.

Para os centros de depuración de marisco asignouse un número de mostras de 44 unidades asumindo un erro do 8 % e un intervalo de confianza do 95 %. Estas unidades mostrais asignáronse a cada un dos estratos mediante mostraxe estratificada proporcional. A estrutura da mostraxe resúmese abaixo na Táboa 14:

| Estrato | Tamaño da poboación | Tamaño da mostra | Reempazo | Erro (%) |
|-----------|---------------------|------------------|----------|----------|
| Estrato 1 | 30 | 20 | 5 | 30 |
| Estrato 2 | 16 | 16 | 5 | 16 |
| Estrato 3 | 8 | 8 | 0 | 8 |

Táboa 14 - Estratificación e características da mostra para o sector marisqueiro galego.

A mostra, foi asignada seguindo o método aleatorio simple para cada estrato e de maneira independente do resto dos estratos. Tamén se asignaron unidades de produción substitutas para cada estrato en caso de non resposta.

4.3.5. Piscicultura mariña

No caso das empresas de piscicultura mariña, o censo elaborouse de acordo aos datos da Enquisa de Acuicultura e cruzándoo con información de primeira man sobre o sector dentro do equipo de ECOPESCA, enviáronse convites ás principais empresas, pero diante das non respostas reiteradas, decidiuse optar polo emprego de fontes de información secundarias para a totalidade do sector, en concreto da Enquisa Económica de Acuicultura e a Enquisa de Establecementos de Acuicultura do INE

polo que non se calculou unha mostra propiamente, senón que se asumiron os datos destas fontes de información para o total do sector galego e en base a estes elaboráronse as Táboas. Máis información sobre este proceso dispoñible na sección.

IMPUTACIÓN DE VALORES PERDIDOS: PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

4.3.6. Conserva e Transformados

No caso da conserva o completado das enquisas foi en liña, a través do envío dun cuestionario breve sobre inputs intermedios mediante correo electrónico á totalidade das empresas incluídas nun censo. O censo foi construído en base a información extraída da Enquisa Estrutural a Empresas, Rexistro Sanitario de AECOSAN e información facilitada por ANFACO. Non se calculou unha mostra propiamente dita. Máis información sobre este proceso dispoñible na sección.

IMPUTACIÓN DE VALORES PERDIDOS: PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

4.4. RELACIÓN DE FONTES ESTATÍSTICAS E BIBLIOGRÁFICAS E DE ORGANISMOS CONSULTADOS

Para a realización das Táboas Input-Output 2019, a principal fonte de información utilizada foron as enquisas desenvolvidas pola equipa de inquiridores de ECOPELCA. Porén, outras fontes de información foron utilizadas para certos sectores (especialmente para Piscicultura mariña e Conserva e novos transformados) ou para preparar diversas etapas do traballo. A lista completa de fontes estatísticas utilizadas é a seguinte:

1. Enquisa Nacional de Acuicultura (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, 2019)
2. Enquisa Estrutural de Empresas (Instituto Nacional de Estatística)
3. Plans de Explotación Marisqueira (Consellería do Mar, Pesca de Galicia)
4. Notas de primeira venda de pesca fresca (Consellería do Mar, Pesca de Galicia)
5. Rexistro Sanitario de Empresas e Alimentos (Ministerio de Consumo, AECOSAN)
6. Panel de Consumo Alimentario (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
7. Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI)
8. Estatísticas de Comercio Exterior de bens de España e da UE, DATACOMEX (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo)
9. Táboas Input-Output Pesca-Conserva Galegas 2011 (ECOPELCA)
10. Marco Input-Output de Galicia 2016 (Instituto Galego de Estatística, IGE)
11. Memoria anual ANFACO 2019 (ANFACO)
12. Listado de empresas asociadas (AGADE)
13. Índices de distribución e consumo (MERCASA)

14. Estatísticas de turismo en Galicia (Instituto Galego de Estatística, IGE)
15. Estatísticas de ocupación hospitalaria (Instituto Galego de Estatística, IGE)
16. Guía de menús escolares (Consellería de Sanidade, Servicio Galego de Saúde, SERGAS)
17. Directrices nutricionais en colexios e centros escolares (Ministerio de Consumo, AECOSAN)
18. Anuario estatístico 2017 (Ministerio do Interior)
19. Censo de centros sociais e residencias (Xunta de Galicia)
20. Censo de centros, maiores e dependencia (Política Social, Xunta de Galicia)
21. Estatísticas de desembarcos e outra información (FAO)
22. Clasificación Nacional de Actividades (CNAE, Instituto Nacional de Estatística)
23. Número de Comercios dedicados á Conserva en Galicia (Instituto Nacional de Estatística)
24. Información xeral de empresas (EInforma)

A relación completa de fontes estatísticas (incluíndo a ligazón directa á fonte) listase no Anexo 5:

5. ANÁLISE E TRATAMENTO DOS DATOS

5.1. MOSTRA FINAL E ERROS: XUSTIFICACIÓN DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS CON RESPECTO DA MOSTRA INICIAL.

Como foi indicado anteriormente, realizouse unha mostraxe aleatoria estratificada por asignación óptima cun error máximo do 8% e cun intervalo de confianza do 90%. Estableceuse un número mínimo de 20 mostras, sempre que existisen mostras suficientes no universo.

| Estrato | N Universo | N Ini. | Erro Ini. (%) | N Mostra | Erro Final (%) |
|------------------------|------------|--------|---------------|----------|----------------|
| Pesca | 4.323 | 124 | | 123 | |
| Pesca Baixura | 3.953 | 24 | 11,30 | 26 | 10,86 |
| Pesca Litoral | 83 | 24 | 5,03 | 19 | 5,85 |
| Litoral Palangre | 9 | 9 | | 5 | |
| Litoral Cerco | 64 | 1 | | 11 | |
| Litoral Outros | 19 | 14 | | 3 | |
| Pesca Altura | 139 | 26 | 6,3 | 30 | 5,61 |
| Altura Arrastre | 45 | 17 | | 9 | |
| Altura Palangre | 83 | 6 | | 20 | |
| Altura Outros | 11 | 3 | | 1 | |
| Pesca Gran Altura | 148 | 50 | 4,13 | 48 | 4,26 |
| Grande Altura Palangre | 85 | 37 | | 37 | |
| Grande Altura Arrastre | 63 | 13 | | 11 | |
| Miticultura | 1.945 | 110 | | 105 | |
| Miticultura 1 | 1.639 | 62 | 8,89 | 53 | 19,64 |
| Miticultura 2 | 279 | 28 | 12,32 | 40 | 10,06 |
| Miticultura 3 | 26 | 19 | 2,74 | 11 | 5,26 |
| Miticultura 4 | 1 | 1 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Depuradoras | 83 | 44 | | 37 | |
| Depuradoras 1 | 29 | 20 | 11,84 | 15 | 117,06 |
| Depuradoras 2 | 32 | 16 | 17,48 | 9 | 27,95 |
| Depuradoras 3 | 22 | 8 | 16,43 | 13 | 10,34 |
| Marisqueo | 51 | 39 | | 36 | |
| Marisqueo A | 13 | 10 | 13,51 | 8 | 19,50 |
| Marisqueo B | 19 | 14 | 13,35 | 12 | 17,06 |
| Marisqueo C | 13 | 10 | 13,51 | 10 | 13,51 |
| Marisqueo D | 6 | 5 | 12,65 | 6 | 0,00 |

Táboa 15 - Deseño da mostraxe. Estratos, subestratos e error mostral.

A Táboa 15 presenta o deseño da mostraxe para o traballo de campo realizado, onde N_{Universo} indica o número total de unidades de mostra existentes na zona de estudo, $N_{\text{Ini.}}$ o número de mostras necesarias para satisfacer as condicións establecidas para a realización do mesmo, ErroIni o erro asociado

(en porcentaxe) á realización do número de enquisas indicadas na columna N_{Ini} , N_{Mostra} o número de unidades mostrais que puideron ser enquisadas e, finalmente, $Erro_{Final}$, o erro asociado á mostra obtida.

Se observa tamén na Táboa 15 a existencia de lixeiras diferenzas entre o número de mostras necesarias para levar a cabo o estudo e a cantidade final de mostras obtidas. Diversos factores influíron ao traballo de campo como: i) pandemia da COVID-19, ii) elevada cantidade de negativas a participar na mostraxe; iii) solapamento con enquisas realizadas por outras institucións.

Efectivamente, a situación pandémica afectou significativamente ao desenvolvemento normal do estudo, especialmente na fase do traballo de campo. Por un lado, tivo que se atrasar o inicio da etapa de recollida de información. Por outro, o medo a potenciais contaxios incrementou as reticencias dos participantes a concertar unha cita na que levar a cabo a enquisa. Nese sentido, o número de negativas a participar no estudio aumentou respecto ao esperado, levando a que, para certos estratos nos que o universo mostral non era excesivamente amplo, non se puidese reemprazar a mostra.

Por outra parte, ademais das negativas a realizar a enquisa xustificadas pola pandemia, producíronse outras de natureza diversa. Unha das causas expresamente indicadas polas persoas contactadas polas que rexeitaban participar foi a coincidencia no tempo con outras de carácter obrigatorio, tanto por parte de organismos estatais, como autonómicos. A suma do carácter non obrigatorio, a esixencia de datos económicos sensibles e a predisposición e ou interese en participar poden ter sido factores que influenciasen a decisión de non responder nalgúns casos.

Nalgúns estratos específicos tamén se pode observar un número de mostras maior ao obxectivo establecido (Táboa 15). Isto débese por unha banda, a necesidade de reasignar algunhas unidades a un estrato diferente de aquel que orixinalmente lle correspondía en función dos TRBs (tal e como se explica no apartado seguinte) e, por outra, as discrepancias ou variacións nos censos entre o momento no que se obtiveron e o momento no que se recadou a información, de modo que algunha enquisa pasou a engrosar as respostas de estratos nos que xa se acadara o obxectivo de respostas.

5.2. ESTATÍSTICA DESCRIPTIVA: CARACTERIZACIÓN DA MOSTRA FINAL.

Unha vez enquisadas as unidades produtivas que compoñen o sector pesqueiro galego (Táboa 15) analizouse a mostra final obtida. En particular, realizouse unha análise descritiva da totalidade dos inputs, a fin de identificar e eliminar valores anómalos ou outliers. Dado que se traballou cun elevado número de mostras foi necesario combinar técnicas visuais e cuantitativas mediante o software estatístico R. Concretamente, a técnica utilizada combinou a representación por 'boxplots' e o método Inter-Quartile Range (IQR) de valores atípicos. Para a aplicación do método calculáronse o primeiro e terceiro cuartil (Q1 e Q3 respectivamente), xerando o rango IQR. Considerouse que todos os valores afastados do rango indicado eran valores atípicos. O IQR mostra como se distribúen os datos arredor da mediana. Nesta investigación, aplicouse unha escala de 1,5, ampliando o rango de valores permitidos antes de ser considerados outliers.

Este proceso permitiunos tanto eliminar valores anómalos mantendo o resto de información dun determinado cuestionario, como identificar algunha unidade produtiva na que, de modo puntual, o

sistema de clasificación por TRBs non casaba coa súa operativa real, facilitando a reasignación da unidade ao estrato correspondente.

Os seguintes apartados describen os resultados obtidos para os sectores que compoñen o sector pesqueiro galego.

5.2.1. Pesca extractiva

Os resultados das enquisas, presentaron resultados homoxéneos con lixeiras variacións na estrutura dos costes e produción desembarcada en función da modalidade de pesca (Figura 12 e Figura 13).




Figura 12 - Estrutura de gastos para as modalidades de pesca extractiva de baixura (artes menores) e litoral (palangre, cerco e outras artes).

No estrato de pesca baixura (artes menores) obsérvase que o principal gasto (e que presenta maior variabilidade entre as unidades enquisadas) é o de persoal (Figura 12), seguido por 'Consumo de materias', 'Gastos diversos' e 'Impostos sobre a actividade produtiva'. Dentro deste estrato é importante mencionar que os gastos, en comparación con outros estratos e substratos pertencentes á pesca extractiva, son moi reducidos.

Para o estrato de pesca extractiva de litoral, os resultados son heteroxéneos en función do tipo de arte utilizado (Figura 12). Mentres que o gasto en persoal continúa sendo a maior partida de gastos, os gastos en material varían significativamente en función da arte de pesca. Para todas as modalidades de pesca abranguidas na pesca de litoral, o consumo de materiais constitúe o segundo maior gasto entre as partidas analizadas. Os resultados para *Outras artes* son os que amosan unha maior variabilidade debido a que esta categoría comprende diferentes artes de pesca, e subsecuentemente, maior diverxencia na estrutura de custos. Pola súa banda, a pesca de palangre é a que presenta unha maior proporción de consumo de materiais sobre a produción.




Figura 13 - Estructura de custos para as modalidades de pesca extractiva de altura (arrastre, palangre e outros artes) e grande altura (palangre e arrastre).

Para o estrato de pesca de altura os gastos son homoxéneos entre as diferentes artes consideradas na análise (Figura 13). Como no resto de estratos considerados na actividade de pesca extractiva, (excepto na pesca de altura, palangre) o maior gasto localízase na partida de “Gastos de persoal”. Para os palangreiros do estrato de pesca de altura o “Gasto en Material” supera lixeiramente ao de persoal debido ao elevado gasto anual en “Cebo”. Ademais, as enquisas realizadas ao subestrato de palangre mostraron unha maior variabilidade entre as unidades enquisadas. Pódese observar tamén un maior gasto en servizos (incluídos dentro da partida “Gastos diversos”) respecto a estratos cun menor número de TRBs.

As unidades mostrais enquisadas para o estrato da pesca de grande altura amosan os maiores datos de produción de todo o sector extractivo. De xeito semellante con estratos anteriores, o consumo de materiais supera aos custos de persoal só nos barcos cuxa arte é o palangre. Isto acontece debido ao elevado custo do cebo asociado á actividade (uns 100,000 € por barco aproximadamente). A estrutura de custos (en proporción ás descargas totais) é moi parecida co resto de subestratos analizados. Porén, os barcos palangreiros amosan unha maior variabilidade interna entre unidades mostrais.




Figura 14 - Estructura de gastos para os diferentes estratos incluídos na miticultura. Por motivos de segredo estatístico, excluímos da figura o estrato 4, constituído por unha única empresa.

5.2.2. Miticultura

A Figura 14 amosa que os estratos miticultura 1, 2 e 3 teñen unha estrutura de gastos similar. De igual xeito que noutros sectores, a maior proporción do gasto vai destinado á partida “Gastos de personal”, situándose as demais nun nivel xeral gasto relativamente baixo. Neste caso recibiu un tratamento particularizado o Estrato 4, formado por unha única empresa de tamaño moi superior a calquera outra do sector e na que o peso del emprego asalariado é tamén maior que no estrato correspondente. A fin de non tratar os datos desta unidade como valores anómalos, foi tratada de xeito individualizada e agregadas as súas magnitudes posteriormente ao Estrato 3.

5.2.3. Marisqueo

Os resultados obtidos para os 4 estratos considerados na presente edición das TIOPC 2019, pese a mostrar algunhas características comúns son heteroxéneos entre si (Figura 12). De forma similar ao analizado noutros estratos, a partida “Gastos de personal” é a máis voluminosa de todas. Os estratos 1 e 3 mostran a maior variabilidade nos resultados das enquisas (Figura 12). Isto débese á diversidade nas características intrínsecas das Agrupacións de mariscadoras enquisadas en ambos estratos.




Figura 15 - Estrutura de gastos para as modalidades consideradas no marisqueo a pé.

É importante destacar a incidencia dalgúns créditos e subvencións recibidos (normalmente procedentes da Consellería do Mar, Xunta de Galicia), que contribúen, na maioría de casos, á contratación de persoal de apoio ao marisqueo, responsable de tarefas de vixilancia, e limpeza e transporte nas zonas de marisqueo. Adicionalmente, as Agrupacións de mariscadoras reciben asistencia técnico-científica por parte da “Asistencia Técnica” das confrarías, traballadores que tamén están subvencionados polo goberno galego. Entre as tarefas da asistencia técnica están a recollida de información sobre os recursos e a avaliación do estado dos stocks, a fin de establecer os Plans de Explotación e regular o esforzo marisqueiro en cada confraría.

5.2.4. Plantas de depuración e expedición de marisco

As enquisas desenvolvidas para a realización das TIOPC19 mostran unha estrutura de gastos homoxénea para todos os estratos pertencentes ao sector das plantas de depuración e expedición de marisco (Figura 16). A pesar de que a produción é moi heteroxénea nas plantas pertencentes ao estrato 2 (xa que varía moito en función da composición de especies que son depuradas en cada planta), esta supera amplamente o resto de gastos e ingresos considerados nas enquisas. O desenvolvemento ou a planificación, durante 2019, de novas e grandes plantas para o sector, ocasionaron un aumento significativo do valor das operacións de bens de capital para o sector da depuración (estrato 3). Á parte destes gastos, os de persoal, xunto cos impostos sobre a actividade produtiva (principalmente compostos por impostos polo acceso á auga) son as partidas, nas que se concentra maior volume de gastos.




Figura 16 - Estructura de gastos para o sector de plantas de depuración e expedición de mariscos.

5.3. IMPUTACIÓN DE VALORES PERDIDOS: PROCEDIMIENTOS EMPREGADOS.

No caso dos subsectores do sector pesqueiro para os que non se dispuña de información obtida a través de enquisas (Piscicultura mariña, Conservas e procesados) utilizouse información secundaria. As diferentes fontes revisadas se listan no Anexo 9.5. e varían en función do subsector analizado).

5.3.1. Piscicultura mariña

As TIOPC 19 para o subsector da piscicultura mariña foron elaboradas principalmente a partir da información obtida da Enquisa Nacional de Acuicultura 2019 que publica o MAPA, xunto con entrevistas a expertos e outras fontes secundarias.

De acordo coa guía sobre Acuicultura Mariña en España desenvolvida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España xunto a Jacumar, en 2017 (MAPA, 2020) existían 17 empresas dedicadas ao cultivo do rodaballo en España, todas elas localizadas en Galicia. Dedicadas ao cultivo de Linguado existen 46 instalacións en España (4 en Galicia, 1 no País Vasco e 41 en Andalucía). De acordo cos datos proporcionados polo MAPA, Galicia foi a única comunidade autónoma produtora de Rodaballo no ano 2019 (8,258 toneladas). No mesmo período de tempo, a produción total en España de linguado ascendeu a 943 toneladas.

Segundo estes datos de produción, o sector de cultivo en terra firme de especies pleuronectiformes (linguado senegalés e rodaballo, estrato 1183 da Enquisa Económica de Acuicultura) ascendeu a 9,531 toneladas. O linguado senegalés constituíu o 9.90% da produción total do estrato (943 toneladas),

mentres que o rodaballo foi o 90.09% do total (8,587 toneladas). Neste sentido, Galicia, en 2019 produciu o 94.39% de todos os produtos correspondentes ao estrato 1183 da Enquisa Económica de Acuicultura (43.4% e 100% para linguado e rodaballo respectivamente).

Da Enquisa Nacional de Acuicultura 2019 obtívose a información económica relevante relativa ao de cultivo de linguado e rodaballo, as principais especies cultivadas en Galicia. Para obter os datos e a distribución por comunidades foi desagregada a fracción da produción correspondente a Cádiz (segundo produtor de linguado en España) e a Galicia o fin de poder desagregar os datos da área nacional. Esta información calibrouse con datos procedentes de fontes primarias proporcionadas por produtores localizados en Galicia.

5.3.2. Conserva e transformados

Para a confección da rama TIO.PR 5 Conserva e Transformados partiuse da rama equivalente das Táboas input-output de Galicia 2018 elaboradas polo Instituto Galego de Estatística (IGE, 2018). Asumiuse que a estrutura de custos mantívose estable durante os anos 2018 e 2019, utilizándose a matriz de coeficientes para actualizar os datos da columna a partir da desagregación para Galicia da Estatística Estrutural de Empresas: Rama industrial correspondente ao epígrafe 102: Procesado e conservación de peixe, crustáceos e moluscos, facilitado polo INE. Estes datos calíbranse e complementan utilizando información obtida a través dun cuestionario (incluído no Anexo, apartado 9.4.) cuberta por 5 empresas do sector, para cuxa obtención se contou coa colaboración da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe (ANFACO). O cruzamento destas dúas fontes permitiunos unha identificación máis completa e precisa dos inputs utilizados por esta industria.

España é un referente mundial na produción de peixes e mariscos procesados, cunha produción en 2019 de 4.627.372 millóns de euros. Respecto ao total producido a nivel nacional, Galicia representa o 85,4% do valor de produción con de 3.951 millóns de euros situándose, en termos mundiais, como unha das principais rexións produtoras.

En termos de volume, as conservas de túnidos son o principal produto elaborado pola industria conserveira de produtos pesqueiros e acuícolas, representando o 68,60% do total, seguido de sardiñas/sardinillas (6,67%) e das conservas de mexillóns (4,09%). A partir do informe anual 2019 de ANFACO tamén se obtiveron as importacións e exportacións do sector, valores empregados para calibrar a información obtida en Datacomex e asignar as importacións/exportacións para o sector conserveiro e de transformados en Galicia.

6. RESULTADOS: TÁBOAS INPUT OUTPUT PESCA-CONSERVA GALEGAS 2019

**6.1. TIOPESCA-2019 SIMÉTRICA:
INPUTS INTERMEDIOS**

6.2. TIOPC 2019 SIMÉTRICA INPUTS PRIMARIOS

TIO/PESCA-2019 SIMÉTRICA: INPUTS PRIMÁRIOS
 Dados expresados en euros
 Prezos básicos

| | TIO.PR 1.1 | | TIO.PR 1.2 | | | TIO.PR 1.3 | | | TIO.PR 1.4 | | | TIO.PR 2 | TIO.PR 3 | TIO.PR 4 | TIO.PR 5 | TIO.PR 6 | TOTAL |
|---|---------------|--------------|------------------|--------------|-----------------|---------------|---------------|------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------------|--------------|--------------------------------|---------------|-----------------|-------|
| | Baixa | Alta | PESCA DE LITORAL | | PESCA DE ALTURA | | | PESCA DE GRANDE ALTURA | | | MITICULTURA | PISCICULTURA MARINA | MARISQUEO | CONSERVA Y NOVOS TRANSFORMADOS | DEPURADORAS | TOTAL | |
| | TIO.PR 1.1.1 | TIO.PR 1.1.2 | TIO.PR 1.2.1 | TIO.PR 1.2.2 | TIO.PR 1.2.3 | TIO.PR 1.3.1 | TIO.PR 1.3.2 | TIO.PR 1.3.3 | TIO.PR 1.4.1 | TIO.PR 1.4.2 | TIO.PR 2 | TIO.PR 3 | TIO.PR 4 | TIO.PR 5 | TIO.PR 6 | TOTAL | |
| Ramas da actividade homoxénea | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| C.I. A PREZOS BÁSICOS | 40.102.544,3 | 1.510.270,8 | 9.941.560,0 | 1.543.933,2 | 1.543.933,2 | 20.911.719,1 | 52.893.061,7 | 1.163.578,2 | 63.188.618,8 | 73.652.533,8 | 40.091.809,4 | 37.070.478,2 | 2.856.305,2 | 1.907.984.197,8 | 191.866.809,7 | 2.444.757.420,2 | |
| IMPOSTOS NETOS POR PRODUTO | 12.806.297,9 | 375.702,5 | 2.749.073,4 | 164.513,6 | 164.513,6 | 2.183.567,2 | 6.876.435,8 | 0,0 | 4.884.714,5 | 7.675.334,8 | 8.665.500,3 | -1.176.583,6 | 3.210.650,0 | 189.227.793,1 | 539.435,4 | 238.182.439,7 | |
| REMUNERACIÓN DE SALARIADOS | 52.306.328,6 | 1.314.250,9 | 16.016.483,1 | 1.672.000,0 | 1.672.000,0 | 17.854.621,5 | 25.352.150,8 | 3.993.000,0 | 47.866.147,7 | 34.595.717,9 | 29.113.463,7 | 18.468.256,6 | 6.699.615,2 | 432.068.563,9 | 21.022.645,5 | 708.343.245,4 | |
| SOLDOS E SALÁRIOS BRUTOS | 34.235.921,9 | 1.003.290,4 | 13.209.381,7 | 1.235.000,0 | 1.235.000,0 | 13.520.479,1 | 21.041.488,4 | 3.355.000,0 | 37.127.283,2 | 28.659.185,9 | 16.966.144,4 | 13.851.192,5 | 5.267.409,2 | 241.514.010,0 | 17.455.187,9 | 448.440.974,8 | |
| COTIZACIÓNS SOCIAIS | 18.070.406,7 | 310.960,5 | 2.807.101,4 | 437.000,0 | 437.000,0 | 4.334.142,3 | 4.310.662,4 | 658.000,0 | 10.738.864,5 | 5.936.532,0 | 12.147.319,3 | 4.617.064,2 | 1.432.206,0 | 190.554.553,9 | 3.567.457,6 | 259.902.270,7 | |
| OUTROS IMPOSTOS NETOS SOBRE A PRODUCCIÓN | 1.637.020,8 | 135.000,0 | 142.371,5 | 0,0 | 0,0 | 849.216,4 | 2.051.148,1 | 0,0 | 215.956,0 | 887.252,0 | 6.304.679,9 | 25.829,3 | 488.246,4 | 0,0 | 765.517,6 | 13.512.237,9 | |
| EXCEDENTE BRUTO DE EXPLOTACIÓN | 0,0 | 1.521.702,6 | 13.459.193,0 | 196.853,0 | 196.853,0 | 4.927.827,4 | 2.684.388,4 | 1.465.421,8 | 49.953.048,3 | 8.883.536,8 | 20.689.661,1 | 16.642.566,4 | 0,0 | 0,0 | 52.380.311,4 | 172.804.510,1 | |
| RENDA MISTA | 77.021.859,4 | 1.014.468,4 | 1.345.771,2 | 98.323,1 | 98.323,1 | 608.509,1 | 473.715,6 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 48.514.623,3 | 0,0 | 13.560.577,0 | 0,0 | 5.744.736,3 | 148.382.583,6 | |
| VALOR ACRESCENTADO BRUTO A PREZOS BÁSICOS | 130.965.208,8 | 3.985.421,9 | 30.963.818,9 | 1.967.176,1 | 1.967.176,1 | 24.240.174,3 | 30.561.402,9 | 5.458.421,8 | 98.035.152,0 | 44.366.506,8 | 104.622.428,1 | 35.136.652,3 | 20.758.438,5 | 2.254.121.214,2 | 79.913.210,8 | 2.865.095.227,3 | |
| PRODUCCIÓN A PREZOS BÁSICOS | 183.874.051,0 | 5.871.395,2 | 43.654.452,3 | 3.675.622,9 | 3.675.622,9 | 47.335.460,5 | 90.330.900,4 | 6.622.000,0 | 166.108.485,3 | 125.674.375,4 | 153.379.737,7 | 71.030.546,8 | 26.825.398,7 | 4.351.333.205,1 | 272.319.455,9 | 5.548.035.087,2 | |
| TOTAL IMPORTACIÓNS | 110.308.479,8 | 29.829.291,7 | 31.639.069,8 | 21.250.566,1 | 21.250.566,1 | 142.254.977,8 | 161.432.408,0 | 41.700.967,2 | 684.822.721,9 | 224.595.536,4 | 7.390.223,4 | 31.919.046,2 | 12.130.400,4 | 1.904.990.355,3 | 0,0 | 3.404.264.044,1 | |
| TOTAL RECURSOS A PREZOS BÁSICOS | 294.182.530,8 | 35.700.686,9 | 75.293.522,1 | 24.926.189,0 | 24.926.189,0 | 189.590.438,4 | 251.763.308,4 | 48.322.967,2 | 850.981.207,2 | 350.269.911,8 | 160.769.961,1 | 102.949.593,0 | 38.955.799,1 | 6.256.323.560,4 | 272.319.455,9 | 8.952.299.131,3 | |
| BENEFICIOS TOTAIS | 77.021.859,4 | 2.536.171,0 | 14.804.964,2 | 295.176,1 | 295.176,1 | 5.536.336,5 | 3.158.104,0 | 1.465.421,8 | 49.953.048,3 | 8.883.536,8 | 69.204.284,5 | 16.642.566,4 | 13.560.577,0 | 1.822.052.650,3 | 58.125.047,7 | 2.143.239.744,0 | |

6.3. TIOPC 2019 SIMÉTRICA INPUTS INTERMEDIOS

6.4. TIOPC 2019 SIMÉTRICA DEMANDA FINAL

TIOPESCA-2019 SIMÉTRICA: DEMANDA FINAL
 Dados expresados en EUROS
 Prezos básicos

| Código TIOPESCA | Ramas da actividade homoxénea | TOTAL DEMANDA | CONSUMO INTERIOR DOS RESIDENTES | CONSUMO INTERIOR DOS NON RESIDENTES | CONSUMO INDIVIDUAL DAS AAPP E ISLSF | GASTO EN CONSUMO COLECTIVO | TOTAL GASTO EN CONSUMO FINAL | FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL FIJO | VARIACIÓN DE EXISTENCIAS | FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL | EXPORTACIÓN AO RESTO DE ESPAÑA | EXPORTACIÓN AO RESTO DO MUNDO | TOTAL EXPORTACIÓN | TOTAL DEMANDA | TOTAL EMPREGOS |
|--------------------|---|-----------------|---------------------------------------|--|--|----------------------------------|------------------------------------|---------------------------------------|--------------------------------|----------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|----------------------|-----------------|-------------------|
| | | (D.I.) | | | | | | | | | | | | A | |
| TIOPP1 | PRODUCTOS DA PESCA | 85.378.366,7 | 22.982.532,4 | 36.761.646,1 | 0,0 | 0,0 | 59.744.178,5 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 134.433.225,2 | 14.626.760,4 | 149.059.985,6 | 208.804.164,1 | 294.182.530,8 |
| TIOPP1.1 | PRODUCTOS DA PESCA: BAIXURA | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPP1.2 | PRODUCTOS DA PESCA: LITORAL | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPP1.2.1 | PRODUCTOS DA PESCA: LITORAL - Palangre | 8.020.521,0 | 733.869,4 | 1.173.858,7 | 0,0 | 0,0 | 1.907.728,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 23.243.474,3 | 2.528.963,6 | 25.772.437,9 | 27.680.165,9 | 35.700.686,9 |
| TIOPP1.2.2 | PRODUCTOS DA PESCA: LITORAL - Cerco | 59.633.432,7 | 5.456.397,2 | 8.727.765,1 | 0,0 | 0,0 | 14.184.162,4 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 1.331.099,2 | 144.827,8 | 1.475.927,0 | 15.660.089,4 | 75.293.522,1 |
| TIOPP1.2.3 | PRODUCTOS DA PESCA: LITORAL - Outros artes | 5.021.144,1 | 459.429,5 | 734.879,1 | 0,0 | 0,0 | 1.194.308,6 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 16.874.714,1 | 1.836.022,3 | 18.710.736,4 | 19.905.045,0 | 24.926.189,0 |
| TIOPP1.3 | PRODUCTOS DA PESCA: ALTURA | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPP1.3.1 | PRODUCTOS DA PESCA: ALTURA - Arrastre | 64.587.674,4 | 5.909.705,2 | 9.452.852,6 | 0,0 | 0,0 | 15.362.557,8 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 98.881.577,5 | 10.758.628,6 | 109.640.206,1 | 125.002.764,0 | 189.590.438,4 |
| TIOPP1.3.2 | PRODUCTOS DA PESCA: ALTURA - Palangre | 123.395.012,2 | 11.290.515,6 | 18.059.713,0 | 0,0 | 0,0 | 29.350.228,7 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 89.301.754,0 | 9.716.313,5 | 99.018.067,5 | 128.368.296,2 | 251.763.308,4 |
| TIOPP1.3.3 | PRODUCTOS DA PESCA: ALTURA - Outros artes | 9.045.872,1 | 827.687,9 | 1.323.925,9 | 0,0 | 0,0 | 2.151.613,8 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 33.482.481,4 | 3.642.999,9 | 37.125.481,3 | 39.277.095,1 | 48.322.967,2 |
| TIOPP1.4 | PRODUCTOS DA PESCA: GRANDE ALTURA | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPP1.4.1 | PRODUCTOS DA PESCA: GRAN ALTURA - Arrastre | 195.852.614,2 | 20.762.003,2 | 33.209.804,9 | 0,0 | 0,0 | 53.971.808,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 542.122.176,2 | 58.984.608,7 | 601.106.784,9 | 655.078.593,0 | 850.931.207,2 |
| TIOPP1.4.2 | PRODUCTOS DA PESCA: GRAN ALTURA - Palangre | 148.178.191,5 | 15.708.118,6 | 25.125.877,7 | 0,0 | 0,0 | 40.833.996,3 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 145.434.040,1 | 15.823.683,9 | 161.257.724,0 | 202.091.720,3 | 350.269.911,8 |
| TIOPP2.1 | MEXILLÓN | 160.672.401,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 60.657,7 | 36.902,3 | 97.560,0 | 97.560,0 | 160.769.961,1 |
| TIOPP2.2 | OUTROS PRODUCTOS ACUICOLAS | 14.352.495,7 | 35.973.909,1 | 7.969.358,2 | 0,0 | 0,0 | 43.943.267,3 | 0,0 | -885.646,2 | -885.646,2 | 0,0 | 45.539.476,2 | 45.539.476,2 | 88.597.097,3 | 102.949.593,0 |
| TIOPP3 | MARISCOS | 38.955.799,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 38.955.799,1 |
| TIOPP4 | PRODUCTOS PROCEDENTES DA DEPURACIÓN | 85.893.021,7 | 13.695.993,3 | 5.873.221,3 | 0,0 | 0,0 | 19.569.214,6 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 150.484.075,8 | 16.373.143,8 | 166.857.219,6 | 186.426.434,2 | 272.319.459,9 |
| TIOPP8 | CONSERVAS DE PESCADO E MARISCO E OUTROS TRANSFORMADOS | 464.282.868,3 | 107.008.910,0 | 5.278.483,4 | 0,0 | 0,0 | 112.287.393,4 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 4.077.329.652,7 | 1.602.423.645,0 | 5.679.753.298,7 | 5.792.040.692,1 | 6.256.323.560,4 |
| | | 1.463.269.414,7 | 240.809.071,5 | 153.691.386,2 | 0,0 | 0,0 | 394.500.457,7 | 0,0 | -885.646,2 | -885.646,2 | 5.312.978.928,0 | 1.782.435.977,0 | 7.095.414.905,1 | 7.489.029.716,6 | 8.952.299.131,3 |

6.5. TIOPC 2019 INPUTS INTERMEDIOS

**6.6. TIOPC 2019 DESTINO:
INPUTS PRIMARIOS**

TIOCONSERVA- 2019 DESTINO: INPUTS PRIMARIOS
 Datos Expresados en Euros
 Precios de Adquisición

| Código TIO 2019 | Código TIOPESCA | Ramas de actividade homoxénea | TIO.PR.1.1 | | | TIO.PR.1.2 | | | TIO.PR.1.3 | | | TIO.PR.1.4 | | | TIO.PR.2 | TIO.PR.3 | TIO.PR.4 | TIO.PR.5 | TIO.PR.6 |
|--------------------|-----------------|---|-----------------|------------------|-----------------|------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|---------------|---------------------|---------------|--------------------------------|---------------|--------------|-----------------|---------------|----------|
| | | | PESCA DE BAIURA | PESCA DE LITORAL | PESCA DE ALTURA | PESCA DE GRANDE ALTURA | PESCA DE ALTURA | PESCA DE ALTURA | PESCA DE ALTURA | PESCA DE ALTURA | MITICULTURA | PISCICULTURA MARINA | MARISQUEO | CONSERVA Y NOVOS TRANSFORMADOS | | | | | |
| | | | TIO.PR.1.1 | TIO.PR.1.2 | TIO.PR.1.3 | TIO.PR.1.2.1 | TIO.PR.1.2.2 | TIO.PR.1.2.3 | TIO.PR.1.3.1 | TIO.PR.1.3.2 | TIO.PR.1.3.3 | TIO.PR.1.4.1 | TIO.PR.1.4.2 | TIO.PR.2 | TIO.PR.3 | TIO.PR.4 | TIO.PR.5 | TIO.PR.6 | |
| | | | A. Menores | | | | | | | | | | | | | | | | |
| c = a + b | | C.I.A PREZOS AQUISIÇÃO | 52.908.842,1 | 1.885.973,3 | 12.690.633,4 | 1.708.446,8 | 23.095.286,2 | 1.163.578,2 | 68.073.333,3 | 81.307.868,6 | 81.307.868,6 | 68.073.333,3 | 81.307.868,6 | 48.757.309,6 | 35.893.894,6 | 6.066.960,1 | 2.097.211.990,9 | 192.406.245,1 | |
| d = e + f | | REMUNERACIÓN DE SALARIADOS | 52.306.328,6 | 1.314.250,9 | 16.016.483,1 | 1.672.000,0 | 17.854.621,5 | 3.983.000,0 | 47.866.447,7 | 34.595.717,9 | 34.595.717,9 | 47.866.447,7 | 34.595.717,9 | 29.113.463,7 | 18.468.256,6 | 6.699.615,2 | 432.068.563,9 | 21.022.645,5 | |
| e | | SOLDOS E SALARIOS BRUTOS | 34.235.921,9 | 1.003.290,4 | 13.209.381,7 | 1.235.000,0 | 13.520.479,1 | 3.355.000,0 | 37.127.283,2 | 28.659.185,9 | 28.659.185,9 | 37.127.283,2 | 28.659.185,9 | 16.966.144,4 | 13.851.192,5 | 5.267.409,2 | 241.514.010,0 | 17.455.187,9 | |
| f | | COTIZACIONES SOCIAIS | 18.070.406,7 | 310.960,5 | 2.807.101,4 | 437.000,0 | 4.334.142,3 | 638.000,0 | 10.738.864,5 | 5.936.532,0 | 5.936.532,0 | 10.738.864,5 | 5.936.532,0 | 12.147.319,3 | 4.617.064,2 | 1.432.206,0 | 190.554.553,9 | 3.567.457,6 | |
| g | | OUTROS IMPUESTOS NETOS SOBRE A PRODUÇÃO | 1.637.020,8 | 135.000,0 | 142.371,5 | 0,0 | 849.216,4 | 0,0 | 215.956,0 | 887.252,0 | 887.252,0 | 215.956,0 | 887.252,0 | 6.304.679,9 | 25.829,3 | 498.246,4 | 0,0 | 765.517,6 | |
| h | | EXCE DENTE BRUTO DE EXPLOTACIÓN | 0,0 | 1.521.702,6 | 13.459.193,0 | 196.853,0 | 4.927.827,4 | 2.684.388,4 | 49.953.048,3 | 8.883.536,8 | 8.883.536,8 | 49.953.048,3 | 8.883.536,8 | 20.689.661,1 | 16.642.566,4 | 0,0 | 0,0 | 52.380.311,4 | |
| i | | RENDA MISTA | 77.021.859,4 | 1.014.468,4 | 1.345.771,2 | 98.323,1 | 608.509,1 | 0,0 | 0,0 | 473.715,6 | 473.715,6 | 0,0 | 473.715,6 | 48.514.623,3 | 0,0 | 13.560.577,0 | 2.254.121.214,2 | 5.744.736,3 | |
| k = d + g + h + i | | VALOR ACRESCENTADO BRUTO A PREZOS BÁSICOS | 130.965.208,8 | 3.985.421,9 | 30.963.818,9 | 1.967.176,1 | 24.240.174,3 | 5.458.421,8 | 98.035.152,0 | 44.366.506,8 | 44.366.506,8 | 98.035.152,0 | 44.366.506,8 | 104.672.428,1 | 35.136.652,3 | 20.758.438,5 | 2.254.121.214,2 | 79.913.210,8 | |
| l = c + k | | PRODUÇÃO A PREZOS BÁSICOS | 183.874.051,0 | 5.871.395,2 | 43.654.452,3 | 3.675.622,9 | 47.335.460,5 | 6.622.000,0 | 166.108.485,3 | 125.674.375,4 | 125.674.375,4 | 166.108.485,3 | 125.674.375,4 | 153.379.737,7 | 71.030.546,8 | 26.825.398,7 | 4.351.333.205,1 | 272.319.455,9 | |
| m | | TOTAL IMPORTACIONES | 110.308.479,8 | 29.829.291,7 | 31.639.069,8 | 21.250.566,1 | 142.254.977,8 | 41.700.967,2 | 684.822.721,9 | 224.955.536,4 | 224.955.536,4 | 684.822.721,9 | 224.955.536,4 | 7.390.223,4 | 31.919.046,2 | 12.130.400,4 | 1.904.990.355,3 | 0,0 | |
| n = l + m | | TOTAL RECURSOS A PREZOS BÁSICOS | 294.182.530,8 | 35.700.686,9 | 75.293.522,1 | 24.926.189,0 | 189.590.438,4 | 48.322.967,2 | 850.931.207,2 | 350.269.911,8 | 350.269.911,8 | 850.931.207,2 | 350.269.911,8 | 160.769.961,1 | 102.949.593,0 | 38.955.799,1 | 6.256.323.560,4 | 272.319.455,9 | |

**6.7. TIOPC 2019 DE DESTINO:
OUTPUTS INTERMEDIOS**

**6.8. TIOPC 2019 DE DESTINO
DEMANDA FINAL**

TIOPESCA-2019 DE DESTINO: DEMANDA FINAL
 Dados expresados en EUROS
 Prezos de adquisición

| Código TIOPESCA | Ramas de actividade homoxénea | TOTAL DEMANDA INTERMEDIA (D.I.) | | CONSUMO INTERIOR DOS RESIDENTES | | CONSUMO INTERIOR DOS NON RESIDENTES | | CONSUMO INDIVIDUAL DAS AAPP E ISLFS | | GASTO EN CONSUMO COLECTIVO | | TOTAL GASTO EN CONSUMO FINAL | | FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL FIKO | | VARIACIÓN DE EXISTENCIAS | | FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL | | EXPORTACIÓN AO RESTO DE ESPAÑA | | EXPORTACIÓN AO RESTO DO MUNDO | | TOTAL EXPORTACIÓN | | TOTAL DEMANDA FINAL | | TOTAL EMPREGOS | | | | | | | |
|--------------------|---|---------------------------------|---------------|---------------------------------|-----|-------------------------------------|-----------|-------------------------------------|-----|----------------------------|-----|------------------------------|-------|---------------------------------|-------|--------------------------|-----|----------------------------|-----|--------------------------------|-----|-------------------------------|-----|-------------------|-----|---------------------|-----|----------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|--|
| | | A | B | C | D | E | F=B+C+D+E | G | H | I=G+H | K | L | M=K+L | N=F+H+M | O=A+N | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPPI | PRODUTOS DA PESCA | 90.586.209,7 | 22.982.532,4 | 36.761.646,1 | 0,0 | 59.744.178,5 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | | | | | |
| TIOPPI.1 | PRODUTOS DA PESCA: BAIKURA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPPI.2 | PRODUTOS DA PESCA: LITORAL | 9.480.925,5 | 733.869,4 | 1.173.858,7 | 0,0 | 1.907.728,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | | | | |
| TIOPPI.2.1 | PRODUTOS DA PESCA: LITORAL - Palangre | 70.491.696,2 | 5.456.397,2 | 8.727.765,1 | 0,0 | 14.184.162,4 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | | | | |
| TIOPPI.2.2 | PRODUTOS DA PESCA: LITORAL - Cerco | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPPI.2.3 | PRODUTOS DA PESCA: LITORAL - Outros artes | 5.935.411,5 | 459.429,5 | 734.879,1 | 0,0 | 1.194.308,6 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | | | |
| TIOPPI.3 | PRODUTOS DA PESCA: ALTURA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPPI.3.1 | PRODUTOS DA PESCA: ALTURA - Arrastre | 76.348.023,4 | 5.909.705,2 | 9.452.852,6 | 0,0 | 15.362.557,8 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | | |
| TIOPPI.3.2 | PRODUTOS DA PESCA: ALTURA - Palangre | 145.863.206,4 | 11.290.515,6 | 18.059.713,0 | 0,0 | 29.350.228,7 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | | |
| TIOPPI.3.3 | PRODUTOS DA PESCA: ALTURA - Outros artes | 10.692.976,0 | 827.687,9 | 1.323.925,9 | 0,0 | 2.151.613,8 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | | |
| TIOPPI.4 | PRODUTOS DA PESCA: GRANDE ALTURA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| TIOPPI.4.1 | PRODUTOS DA PESCA: GRAN ALTURA - Arrastre | 229.580.663,9 | 20.762.003,2 | 33.209.804,9 | 0,0 | 53.971.808,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |
| TIOPPI.4.2 | PRODUTOS DA PESCA: GRAN ALTURA - Palangre | 173.696.163,0 | 15.708.118,6 | 25.125.877,7 | 0,0 | 40.833.996,3 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |
| TIOPPI.4.3 | MEXILLÓN | 160.672.401,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |
| TIOPPI.4.4 | OUTROS PRODUTOS ACUCIOIAS | 14.443.173,4 | 35.973.909,1 | 7.969.358,2 | 0,0 | 43.943.267,3 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |
| TIOPPI.5 | MARISCOS | 38.955.799,1 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |
| TIOPPIA | PRODUTOS PROCEDENTES DA DEPURACIÓN | 85.893.021,7 | 13.695.993,3 | 5.873.221,3 | 0,0 | 19.569.214,6 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |
| TIOPPB | CONSERVAS DE PESCADO E MARISCO E OUTROS TRANSFORMADOS | 484.911.327,4 | 107.008.910,0 | 5.278.483,4 | 0,0 | 112.287.393,4 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |
| TOTAL | | 1.597.550.996,4 | 240.809.071,5 | 153.697.386,2 | 0,0 | 394.500.457,7 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | |

6.9. TIOPC 2019 DE ORIXE

6.10. TIOPC 2019 DE ORIXE

6.11. TIOPC 2019 MATRIZ DE COEFICIENTES TÉCNICOS

7. CONCLUSIÓN E SEGUINTE PASOS

7.1. LECTURA DAS TÁBOAS TIOPC 19, CONCLUSIÓNS E SEGUINTE PASOS

7.1.1. O impacto económico da pesca galega a través das TIOPC 19

As TIOPC 2019 expresan relacións técnicas de carácter estrutural entre os distintos sectores do sistema produtivo da pesca galega, e, entre estes e o resto da economía. A súa concepción permite dar luz, cando menos, sobre dous aspectos escurecidos nas estatísticas convencionais. En primeiro lugar, revelan as notables diferenzas entre os varios subsectores que se desdubuxan baixo o epígrafe homoxeneizador de “Pesca e acuicultura” nas fontes ao uso. En segundo lugar, integran o que artificialmente se compartimentaliza a partir da definición, obsoleta por outro lado, de actividades primarias, secundarias e terciarias. En definitiva, revelan ao mesmo tempo as especificidades e as integracións ou fluxos compartidos.

O conxunto dese complexo mar-pesca galego contribúe á economía con un amplo rango de produtos de orixe mariño que se entenden como o conxunto de alimentos que o mercado recoñece como procedentes do mar. Así o mercado identifica como pescado, os peixes, crustáceos, moluscos, equinodermos, algas e mesmo gasterópodos mariños, nas súas diversas presentacións, que responden a unha demanda distinta da de outros alimentos humanos proteínicos non procedentes do mar, dende o produto fresco de luxo, pasando polo pescado de piscicultura, o mexillón cultivado, os conxelados, refrixerados, conservas e transformados, precociñados..., amosando unha oferta diversificada é en constante adaptación ás necesidades do mercado.

No ano 2019 o conxunto das actividades consideradas neste traballo: pesca, miticultura, piscicultura mariña, marisqueo, conserva e transformados e depuradoras acadaron un volume de produción agregada de 5.548 millóns de euros. Se sumamos as importacións de produtos correspondentes a cada actividade obtemos que se puxeron a disposición do mercado produtos por valor 8.952,3 millóns de euros. Estas magnitudes fálanos non só da capacidade de producir, senón tamén da capacidade de comercializar. A oferta total da pesca galega e quen de cubrir a demanda do mercado español e mais exportar a mercados tanto da UE como de terceiros países.

O conxunto do subsector da pesca extractiva contribuíu cunha produción de 673,1 millóns de euros, con 153,4 a miticultura, con 71 a piscicultura mariña, con 26,8 o marisqueo a pé, con 4.351,3 a industria da conserva e dos transformados do mar e, finalmente, con 272,3 as depuradoras. Estas últimas se ben de acordo coa CNAE forman parte do mesmo epígrafe que a conserva e os transformados, neste traballo aparecen desagregadas a fin de proporcionar unha imaxe económica que responda ás características específicas deste sector na Galiza.

O impacto directo desta actividade materialízase en compras sobre o resto da economía, salarios, beneficios e impostos. En canto ás compras, o conxunto das actividades consideradas demandan bens e servizos de 76 das 83 ramas de produtos nas que se dividiu a economía. Se ben existen diferenzas entre os sectores. Na Táboa de coeficientes técnicos se amosa detalladamente o gasto por euro de produción realizado en 2019. No caso da pesca, por termo medio, se precisaban 36 céntimos por euro producido, variando entre 21 céntimos da baixura e os 58 do palangre. Tanto neste último caso, como o do arrastre

reflicte un peso dos inputs intermedios expresivo dunha actividade industrial. Independentemente de que a actividade sexa extractiva ou non, os requirimentos de capital son industriais.

Segundo con outras actividades, a miticultura demanda do resto da economía inputs por valor de 26 céntimos por euro producido, 52 a piscicultura mariña (fundamentalmente de rodaballo e, en menor medida de linguado), mentres que no caso do marisqueo a pé o arrastre é de 10 céntimos por euro producido. A industria da conserva e os transformados consume 0,44 céntimos, mentres que, por último, na depuración son 70 céntimos por cada euro. Neste último caso o elevado peso dos consumos intermedios é consecuencia da dobre natureza dos procesos que realiza: transformación e comercialización. Por unha banda realiza un proceso de depuración que representa unha transformación necesaria para facer o produto axeitado para o consumo. Por outro lado, realiza un papel comercializador, sendo as compras de materia prima para a venda propia o que incrementa comparativamente os custos intermedios.

Sumando o conxunto das actividades consideradas en 2019 se pagaron salarios por 708,3 millóns de euros e se ingresaron en concepto de renda mixta 148,3. Se desglosamos, no que se refire ás flotas galegas, a remuneración de asalariados acadou un valor de 200,9 millóns de euros, si ben, para ser xustos deberíamos engadir nalgúns casos a renda mixta (que esencialmente se corresponde cos ingresos dos autónomos). Así por exemplo, no caso da baixura, onde a tripulación típica está composta por un mariñeiro que recibe un salario e un patrón-armador que percibe unha renda mixta, o conxunto das dúas partidas suma 129,3 millóns de euros. No caso da miticultura os salarios acadan os 29,1 millóns de euros, mentres que os autónomos (figura baixo a que participan os titulares das explotacións máis pequenas) perciben ingresos por 48,5 millóns. A piscicultura mariña paga salarios por valor de 18,4 millóns de euros, 432 millóns a conserva e 21 as depuradoras. O ingreso das mariscadoras (renda mixta) acada os 13,6 millóns de euros, pero ademais o sector paga salarios (biólogos, administrativos, vixilantes, etc.) por valor de 6,7 millóns.

O pago de impostos netos (impostos–subvencións) recolle un valor total de 252,7 millóns de euros, sumando tanto os impostos netos por produto, como os impostos netos sobre a produción.

A efectos meramente de completar a vista panorámica, podemos subliñar que o sector comercializador, os grosistas de pescados e mariscos, acadaron unha facturación de 6.211,3 millóns de euros en 2019, con un Valor Agregado Bruto (VABcf) de 463,2 millóns (ARDAN, 2021). Se ben o VAB pode parecer relativamente modesto en relación ao ingreso, isto é consecuencia do peso dos produtos primarios que comercializa nos custos, sen embargo, en termos cualitativos o seu papel é crucial e expresa o desenvolvemento de capacidades ao longo da cadea de valor a partir da extracción de recursos mariños. A este respecto é xusto indicar que, no contexto actual, onde as cadeas de produción globais se demostraron vulnerables, non desligar a capacidade de comercializar da capacidade de producir resulta nun efecto reforzante das dúas partes incrementando a resiliencia como sistema produtivo.

Se avanzamos cara un emprego analítico das táboas, podemos observar algunhas características notables do complexo mar-industria galego, como é a capacidade de comercialización cara un mercado global, que explica que, a maiores da produción propia, no ano 2019 puideramos importar peixe, moluscos e crustáceos frescos e conxelados por valor de 1.499,2 millóns de euros, conservas e transformados

por 1.904,9 e, subsecuentemente, exportar por valor de 5.312,9 millóns ao resto de España, dos que 4.077,3 corresponden á industria transformadora e por 1.782,4 millóns ao resto do mundo, dos que 1.602,4 proceden da conserva e transformados (ver Táboa de destino de demanda final). De feito, a pesca-conserva é a terceira maior partida do comercio exterior galego (tendo en conta que esta partida exportadora enchoupa todo o tecido produtivo pesqueiro e non se vincula so a unha compañía multinacional). Nesta cadea de valor a actividade extractiva e a acuicultura garanten o subministro, aportando ademais a produción de máis calidade que demanda o mercado, mentres que os segmentos de conserva, transformados e comercialización achegan a saída comercial competitiva.

Excede as posibilidades deste capítulo final e seguramente tamén o sentido da eficiencia, facer un análise detallado da función de produción de cada unha das actividades consideradas. Se ben soportar ese tipo de análises é unha función destas Táboas. Podemos, non obstante, subliñar o particular peso que teñen algúns inputs e que os fan merecedores de particular atención en termos analíticos e de política pesqueira. Este sería o caso do gasto en combustible. A partir dos datos contidos na Táboa de destino de inputs intermedios, podemos estimar o peso do gasto en gasóleo nos custos operativos (Custos intermedios + remuneración de asalariados). Compre resaltar, a hora de contextualizar a importancia deste factor, as oscilacións no seu prezo que, no momento de redactar estas liñas (marzo de 2022), escalara dende os 0,48 €/l que custaba de media en 2019 até os 1,10 €/l.

No caso da pesca extractiva o peso nos custos operativos era, en media, do 14%, se ben variaba entre o 7% da frota de baixura e o 22% da frota arrastreira de altura. No caso da miticultura e a piscicultura rolda o 5%, para ser significativamente inferior nas actividades da conserva, transformación e depuración.

